**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30/09/2021.**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
D. José Simoes Couceiro
Dª Raquel Caruncho Corral
Dª Yolanda Vázquez Busto
Dª Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
Dª. Manuela García Fachal (abandona a sesión ás 12:48 h)
Dª Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera
Dª Rocío Souto Torre

A Secretaria:
Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:
Dna. Lucia Varela Martínez.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e catro minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR***

***SESIÓN ORDINARIA 29/07/2021***

*(Expediente TEDeC: 2020/G006/000171)*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 29/07/2021***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 29/07/2021***

***SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data que figura na marxe."*

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA 29/07/2021**

**SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, do 27/09/2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE  DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***

***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de setembro de 2021***

***EXPDTE: 2021/G012/000012***

***Sesión nº:  29/2019-2023.***

***2.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME.***

*A Secretaria da lectura a proposta da Alcadía-Presidencia que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.***

***EXPDTE. 2021/X999/000192***

***EXPDTE 2021/G006/000167***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Esta Alcaldía-Presidencia formula á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte PROPOSTA DE DITAME:*

*O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria de data xoves, 27 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial do REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS A TRAVÉS DA MODALIDADE DE TRABALLO A DISTANCIA OU TELETRABALLO.*

*Segundo o informe de rexistro de data 30/07/2021, o expediente de "Aprobacion inicial do Regulamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo no concello de Pontedeume", estivo exposto ao público durante 30 días, atendendo ao acordo adoptado, transcorridos dende o 03/06/2021 ata o 15/07/2021 ambos inclusive, cuia exposición anunciouse por edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia nº 103 de 03/06/2021, no taboleiro de anuncios do Concello dende o día 03/06/2021 ata o 15/07/2021, na sede electrónica e na páxina web do Concello dende o 03/06/2021. Segundo obra no expediente, foi presentada, en tempo e forma, alegacions por parte de Dª María Esther Leira Penabad en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) con número de rexistro de entrada 202100000001744 de data 14/07/2021.*

*Por parte do concello de Pontedeume débese proceder á regulación básica do teletraballo dentro do prazo legalmente previsto e no marco da regulación establecida no artigo 47 bis do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, para o cal en calidade de Administración Pública de carácter territorial, confire o artigo 4º 1.a) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, competencia legal e potestade regulamentaria e de autoorganización, bastante.*

*Tendo en conta a estos efectos que a Disposición final segunda do Real Decreto Real Decreto-ley 29/2020, de 29 de septiembre, de medidas urgentes en materia de teletrabajo en las Administraciones Públicas dispón que no prazo de 6 meses a contar dende a entrada en vigor do mesmo se procederá a adaptación da normativa das respectivas administracións públicas. (BOE 30 de setembro de 2020); sendo que este prazo foi excedido, de forma que urxe a regulación, nesta organización, da regulación que pola lexislación se ordea.*

*Considerando que de conformidade o artigo 47 bis 2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, o regulamento do teletraballo neste Concello, foi entregado aos representantes sindicais en Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 2 de marzo de 2021, coa finalidade, tal e como consta na acta de sesión asinada polos asistentes, procédase a súa revisión a fin das achegas que se visen necesarias, sen que, ata a presentación das alegacións que neste momento se someten a resolución, por parte da parte sindical, se fixera alegación algunha ao texto definitivo.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Considerando de máximo interese para este Concello a aprobación dun Regulamento interno que regule o teletraballo, cun claro obxectivo de reporte de beneficios para ambas partes da relación laboral, e como unha medida para facer efectiva a conciliación da vida familiar e laboral, sen que se vexa prexudicado o servizo e minguada a calidade deste.*

*Considerando a normativa aplicable que regula o réxime do teletraballo:*

● *Acuerdo Marco Europeo sobre teletrabajo, asinado o 16 de xullo de 2002.*

●*Real Decreto-Ley 29/2020 sobre medidas urgentes en materia de teletrabajo en las Administraciones Públicas*

●*Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, artigo 47 bis.*

● *Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2*

● *Lei 39/2015 de 1 de outubro, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Atendendo ao indicado no informe preceptivo emitido pola Secretaria da Corporación en data 22 de setembro de 2021, considerando a súa natureza regulamentaria de tipo organizativo, o procedemento requirirá dar cumprimento ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polo que será elevada a Pleno da corporación, previo ditame da comisión informativa, proposta que inclúa o texto definitivo do Regulamento, unha vez que, como é preceptivo, foran negociadas polos representantes sindicais reunidos en Mesa o pasado día 3 de setembro, dando todos eles o conforme á proposta de resolución desta Alcaldía, sobre as alegacións presentadas, e que se someten agora a aprobación definitiva. O anterior se reflexa na Acta emitida ao efecto que obra no expediente, para conformar o texto a aprobar definitivamente e que será o que logo da súa publicación surta plena eficacia xurídica para ser aplicado a todo o persoal incluído no seu ámbito de aplicación.*

*Asimesmo atendendo ao establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, polo que este Regulamento atendendo ao seu obxeto está exceptuado expresamente do trámite de consulta pública previa ao tratarse dunha norma organizativa da administración.*

*Atendendo ao indicado no Informe do Xefe de Xestión de personal e Recadación de data 13/05/2021, que obra no expediente*

*Vista a Acta da Mesa Xeral de negociación celebrada o pasado 02/03/2021 e de 03/09/2021.*

*Atendendo ao Informe xurídico da Secretaria Xeral sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, segundo establece o artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*Visto canto antecede,* ***PROPOÑO***

***PRIMEIRO****.- Resolver as alegacións presentadas, en tempo e forma, por Dona María Esther Leira Penabad, en calidade de representante de CIG-Administracións Públicas, presentadas con número de rexistro de entrada 202100000001744 de data 14/07/2021, no sentido seguinte:*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Alegación Primeira**: Desestimar, xa que non pode ser acollida por esta Alcaldía a ausencia de negociación do texto do Regulamento, e tendo en conta ao respecto o indicado na Mesa de negociación celebrada ao efecto o pasado 3 de setembro de 2021 e a celebrada con anterioridade o día 2 de marzo de 2021.*

***Alegación Segunda**: Estimar, polo que o Artigo 2 Definicións, quedará redactado como segue:*

***Artigo 2**. <u>**Definicións**</u>*

*1. Para os efectos do disposto no presente acordo, enténdese o teletraballo como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia en que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse , sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias do Concello de Pontedeume, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.*

*Esta modalidade de desempeño será compatible e complementaria da modalidade presencial, garantindo en todo caso a atención directa presencial, e configúrase como unha modalidade de traballo de carácter estrutural.*

*2. Esta modalidade de desempeño será compatible con calquera das modalidades horarias, ordinaria, flexible ou especial, permitidas pola normativa. Non obstante, co obxecto de garantir a reciprocidade do exercicio do dereito concorrente á desconexión dixital das persoas teletraballadoras e das supervisoras e demais persoal dos órganos , os días en que se desenvolva a modalidade de teletraballo as persoas que o teñan autorizado deberán estar con carácter xeral en disposición de atender as indicacións , as instrucións e os requirimentos do persoal supervisor do órgano de adscrición e atender as comunicacións do restante persoal do órgano **durante a xornada estipulada por convenio colectivo e acordo regulador para a xornada presencial, e tendo en conta a flexibilidade horaria á que se pode acoller cada traballador/a**. En todo caso, estes períodos poderanse modular individualmente , atendendo ás necesidades do servizo.*

*3. A persoa supervisora será o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición do posto, ou no caso de non habelo, o Concelleiro/a da área a que pertenza.*

*4. As funcións de supervisión implicarán , cando menos, as seguintes:*

*a) fixar os obxectivos do servizo e dos postos a el adscritos, de forma consensuada co Concelleiro/a delegado dese área.*

*b) definir os indicadores que permitan informar e valorar da forma mais precisa posible o cumprimento dos obxectivos.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*c) Realizar o seguimento, verificación e avaliación dos resultados, coa finalidade de tomar as decisións , se é o caso, necesarias para conseguir os obxectivos fixados. Deberase dar conta dos mesmos ao Concelleiro/a delegado dese área.*

***Alegación terceira**: Estimar parcialmente. En canto á redacción do artigo 6 manterase invariable con respecto á redacción sometida a aprobación inicial, pero atendendo á alegación presentada, introdúcese unha disposición transitoria única que indica o seguinte:*

***Disposición transitoria única. Recursos tecnolóxicos.***

*1. Por motivos organizativos e de dispoñibilidade de medios, a obrigatoriedade de que o concello de Pontedeume facilite os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo na modalidade de teletraballo non será efectiva ata que transcorra o ano desde a entrada en vigor deste regulamento.*

*2. En consecuencia, durante este período transitorio, se realizará unha previsión de dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos necesarios e poderase proceder á entrega dos recursos tecnolóxicos previstos, a medida que as posibilidades tecnolóxicas o vaian permitindo.*

***Alegación cuarta:** Estimar, en canto á eliminar como criterio de prioridade no artigo 6, punto 11, Réxime de autorización, o apartado f) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo.*

*En consecuencia, coa alegación presentada, a redacción do artigo 6 queda como segue:*

***Artigo 6. <u>Réxime de autorización</u>***

*...//...*

*11. No caso de que o número de solicitudes de prestación de servizos en réxime de teletraballo impida a un órgano de adscrición ou centro dependente garantir unha dotación mínima diaria do 40% dos seus efectivos, as autorizacións atenderán aos seguintes criterios de prioridade:*

*- a) Persoas vítimas de violencia de xénero.*

*-b) Traballadoras embarazadas.*

*-c) Persoas con discapacidade.*

*- d) Persoas maiores de 60 anos.*

*- e) Persoas con necesidades de conciliación da vida familiar e persoal.*

*~~- f) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo.~~*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*- f) Non ter autorizada compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado.*

*Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate a maior antigüidade no posto de traballo que se pretende desempeñar en réxime de teletraballo.*

*En todo caso, a comisión Técnica de Seguimento do teletraballo poderá incluír motivadamente algún outro criterio de prioridade.*

***Alegación quinta:** Estimar, de ahí que atendendo á alegación presentada o artigo 16. Formación específica, queda redactado como segue:*

***Artigo 16. Formación especifica***

*Os Empregados/as públicos incluídos dentro da modalidade de teletraballo terá a necesaria formación para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade, e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laborais, protección de datos , ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.*

***O concello facilitará aos empregados públicos incluídos dentro do ámbito de aplicación deste acordo a formación necesaria para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade de teletraballo e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laboráis, protección de datos, ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.***

***Alegación sexta:** Estimar, modificando o título do capítulo V. Comisión de seguimento do teletraballo, de ahí que quedará como segue:*

***Capítulo V. Comisións de Seguimento do Teletraballo.***

***Alegación Sétima:** Estimar, en consonancia coa estimación da alegación sexta. De ahí que a redacción do artigo 17 quedará como segue:*

***Artigo 17. Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo***

*Créase a Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo como órgano colexiado de seguimento e control da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*reunirase con carácter ordinario cunha periodicidade mínima trimestral e estará constituída polos seguintes membros:*

*- a) Presidencia: Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.*

*- b) Tres Vogais, designados mediante resolución da Alcaldia-Presidencia. Un Concelleiro/a,* ***máis dous empregados públicos*** *do Concello.*

*- c) Secretaría: desempeñara esta función a persoa que designe a presidencia, de entre as que actúen en calidade de vogal.*

~~*- d) Unha persoa da representación dos empregados/as.*~~

***Alegación oitava:*** *Estimar. De ahí que se engade un artigo 20. Comisión paritaria de Seguimento do acordo, co seguinte teor:*

***Artigo 20 Comisión paritaria de Seguimento do acordo***

1. ***Créase tamén unha Comisión de Seguimento do Acordo de composición paritaria, da que formarán parte os representantes do concello que designe o Alcalde, que exercerá a súa presidencia, por si mesmo ou, por persoa en quen delegue, e por un representante designado por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación do Concello.***

2. ***Esta Comisión reunirase con carácter ordinario coa mesma periodicidade que a comisión técnica, co obxeto de que os representantes das organización sindicais poidan:***

   a) ***Coñecer as incidencias e as queixas que se produzan***

   b) ***Participar na proposta dos criterios orientativos en relación cos postos excluídos do réxime de teletraballo e na elaboración dos criterios de interpretación para a correcta aplicación deste acordo.***

   c) ***Recibir información das resolucións denegatorias e das causas que as motivan.***

   d) ***Coñecer e debater o informe anual***

   e) ***Formular propostas de mellora***

***Tamén se poderá reunir con carácter extraordinario por iniciativa da Presidencia ou da mayoría de representates da parte social, co obxeto de estudar propostas de mellora da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo.***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO****: Aprobar definitivamente o REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME, una vez resoltas as alegacións presentadas e incorporadas as mesmas ao articulado do Regulamento, coa redacción que a continuación se recolle:*

***REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME***

*CAPÍTULO I*

***Disposicións xerais***

***Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación***

*1. Este acordo ten por obxecto regular as condicións e o procedemento para autorizar a prestación de servizos na modalidade de teletraballo ao persoal do Concello de Pontedeume incluído dentro do ámbito de aplicación.*

*2. Estas disposicións serán de aplicación ao persoal funcionario e ao persoal laboral que preste servizos no Concello de Pontedeume, que ocupe un posto de traballo susceptible de ser desempeñado na modalidade de teletraballo.*

***Artigo 2. Definicións***

*1. Para os efectos do disposto no presente acordo, enténdese o teletraballo como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia en que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias do Concello de Pontedeume, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.*

*Esta modalidade de desempeño será compatible e complementaria da modalidade presencial, garantindo en todo caso a atención directa presencial, e configúrase como unha modalidade de traballo de carácter estrutural.*

*2. Esta modalidade de desempeño será compatible con calquera das modalidades horarias, ordinaria, flexible ou especial, permitidas pola normativa. Non obstante, co obxecto de garantir a reciprocidade do exercicio do dereito concorrente á desconexión dixital das persoas teletraballadoras e das supervisoras e demais persoal dos órganos , os días en que se desenvolva a modalidade de teletraballo as persoas que o teñan autorizado deberán estar con carácter xeral en disposición de atender as indicacións , as instrucións e os requirimentos do persoal supervisor do órgano de adscrición e atender as comunicacións do restante persoal do*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*órgano durante a xornada estipulada por convenio colectivo e acordo regulador para a xornada presencial, e tendo en conta a flexibilidade horaria á que se pode acoller cada traballador/a. En todo caso, estes períodos poderanse modular individualmente , atendendo ás necesidades do servizo.*

*3. A persoa supervisora será o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición do posto, ou no caso de non habelo, o Concelleiro/a da área a que pertenza.*

*4. As funcións de supervisión implicarán , cando menos, as seguintes:*

*a) fixar os obxectivos do servizo e dos postos a el adscritos, de forma consensuada co Concelleiro/a delegado dese área.*

*b) definir os indicadores que permitan informar e valorar da forma mais precisa posible o cumprimento dos obxectivos.*

*c) Realizar o seguimento, verificación e avaliación dos resultados, coa finalidade de tomar as decisións , se é o caso, necesarias para conseguir os obxectivos fixados. Deberase dar conta dos mesmos ao Concelleiro/a delegado dese área.*

***Artigo 3. Dereitos individuais e colectivos das persoas teletraballadoras.***

*O persoal teletraballador terá os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal non teletraballador.*

***Artigo 4. Postos susceptibles desempeño na modadlidade de teletraballo.***

*1. Con carácter xeral, terán a consideración de postos de traballo susceptibles de ser desempeñados en réxime de teletraballo todos aqueles que non esteen incluídos no número seguinte deste artigo:*

*2. Non serán susceptibles de ser desempeñados en réxime de teletraballo os seguintes tipos de postos:*

*a) Postos de persoal condutor e de persoal subalterno.*

*b) Postos que desenvolvan as súas funcións fóra das dependencias administrativas.*

*C) Postos que impliquen o manexo de información e acceso a datos non dixitalizados.*

*d) Postos cunhas funcións que exixan necesariamente a prestación de servizos presenciais , entendéndose por tales os que a súa prestación efectiva só quede plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.*

*3. No obstante, de forma suficientemente motivada, os responsables dos servizos de adscrición do posto, poderán autorizar a prestación en réxime de teletraballo a persoas*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*adscritas a postos cualificados como non susceptibles de ser desempeñados baixo a dita modalidade, logo de informe favorable dos órganos competentes en materia de recursos humanos. Destas autorizacións darase traslado á comisión Técnica de Seguimento, que pola súa vez, comunicará tal autorización á comisión paritaria de seguimento.*

*A mencionada excepcionalidade deberá fundarse en que un número suficiente de tarefas asignadas ao posto permiten o seu desempeño en réxime de teletraballo durante algunha xornada e en que, durante estas , as necesidades do servizo quedan suficientemente cubertas sen a presenza física da persoa traballadora.*

*A autorización poderá realizarse de forma que se permita incluír motivadamente no desempeño de postos na modalidade de teletraballo persoas titulares de postos que estean sometidos a un réxime de desempeño ou funcións incompatibles con esta modalidade durante determinados períodos de tempo, semanais ou mensuais; durante os períodos en que non estean sometidos a tal réxime incompatible.*

***Artigo 5. Requisitos para poder autorizar a prestación de servizos en réxime de teletraballo.***

*Serán requisitos para que o órgano competente poida autorizar a prestación de servizos mediante a modalidade de teletraballo:*

*a) Que se implante no órgano de adscrición do posto un sistema de xestión do traballo por obxectivos ou un sistema medible de asignación de tarefas.*

*b) Que o persoal que pretenda obter a autorización para teletraballar cumpra os seguintes requisitos:*

*- Estar en situación de servizo activo e estar adscrito a un posto de traballo susceptible de desempeñar en réxime de teletraballo.*

*- Acreditar unha experiencia mínima de 1 ano de servizos prestados en postos con funcións e tarefas análogas ás do posto que se pretenda desempeñar na modalidade de teletraballo. Non obstante, no informe do órgano de adscrición do posto poderá proporse o desempeño no réxime de teletraballo para persoas que non acrediten a mencionada experiencia, pero durante o tempo que teñan desempeñado efectivamente o dito posto ou outro de contido semellante teñan acreditado, a xuízo do supervisor, u correcto coñecemento das funcións que teñen que desempeñar.*

*- Ter coñecemento informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos , que garantan a aptitude para teletraballar, así como de protección de datos vinculados ao obxecto de tratamento.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*- Dispoñer dun espazo de traballo que cumpra coas condicións establecidas pola normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.*

*- Dispoñer de conexión estable á internet e co largo de banda suficiente para o acceso á rede do Concello.*

*CAPITULO II*

***Réxime e procedemento de autorización para teletraballar***

***Artigo 6. <u>Réxime de autorización</u>***

*1. A modalidade de desempeño en réxime de teletraballo será voluntaria e reversible tanto para a persoa do solicitante como para o Concello, sen prexuízo do disposto para o réxime especial de autorización.*

*2. O desempeño dun posto en réxime de teletraballo será compatible coas medidas de prevención de riscos laborais, coa protección dos datos empregados no seu desenvolvemento e coa seguridade dos sistemas informáticos do Concello.*

*3. A autorización para prestar servizos en réxime de teletraballo realizarase para o posto que estea desempeñando a persoa solicitante. O concello poderá requirir a presenza da persoa teletraballadora no centro de traballo cunha antelación mínima de 24 horas, sen prexuízo do deber de reincorporarse con carácter automático cando de xeito sobrevido se produza unha indispoñibilidade de medios que imposibiliten a prestación de servizos nesta modalidade.*

*4. Os órganos ou centros dependentes deben contar cunha presenza diaria mínima obrigatoria do 40% dos seus efectivos, para o que as autorizacións para prestar servizos na modalidade de teletraballo deberán prever as rotacións necesarias para garantir esta dotación mínima. Non se terá en conta en órganos en que, pola súa escasa dotación de persoal, non sexa posible garantila, sempre e cando as necesidades do servizo non se vexan afectadas.*

*5. A autorización para prestar servizos na modalidade de teletraballo terá, con carácter xeral, a duración dun ano desde o día en que se inicie o desempeño na mencionada modalidade e prorrogarase automaticamente, nas mesmas condicións, mentres persistan as mesmas circunstancias que motivaron a súa autorización e non exerza o persoal teletraballador o dereito a reverter a modalidade de prestación de servizos.*

*6. O número máximo de xornadas que se poderán desenvolver na modalidade de teletraballo non poderán superar o 60% das xornadas laborais semanais e en ningún caso se poderán prestar servizos nesta modalidade de forma continuada durante toda unha semana natural. O titular do servizo poderá dispoñer que un día da semana, quincena ou mes todo ou parte do cadro de persoal do órgano preste servizos de forma presencial simultaneamente*

*7. Non obstante, de forma suficientemente motivada, por proposta da persoa titular do servizo de adscrición do posto, poderá autorizar a prestación en réxime de teletraballo nun número superior de xornadas mensuais ás previstas no número anterior ou tamén cando implique a*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*presenza mínima obrigatoria dun número inferior ao 40% dos efectivos do servizo, logo do informe favorable do servizo competente. Desta autorización darase traslado á Comisión Tecnica de seguimento , que , pola súa vez , comunicará tal autorización á comisión paritaria de seguimento.*

*8. A xornada diaria de traballo non poderá fraccionarse para ser prestada en ambas as modalidades.*

*9. As persoas que teñan autorizada unha redución de xornada e obteñan a autorización para prestar servizos na modalidade de teletraballo deberán aplicar proporcionalmente a redución á xornada presencial e a xornada non presencial.*

*10. O traballador/a que solicite a modalidade de teletraballo deberá contar na súa residencia cos recursos tecnolóxicos necesarios para tal fin, sempre e cando cumpran os requisitos e políticas de seguridade que se definan.*

*De non dispor do mencionado material, e unha vez acreditado este feito, o Concello, e segundo as dispoñibilidades económicas, poderá proceder á súa dotación se así o considera.*

*- a) O traballador terá que contar cun ordenador para o uso das xornadas de teletraballo. O órgano competente para resolver poderá autorizar a utilización de dispositivos propiedade Concello, sempre que o traballador acredite qye os da súa propiedade non cumpran os requirimentos e políticas de seguridade que definan.*

*-b) As ferramentas ofimáticas, de traballo remoto ou de traballo colaborativo e de ciberseguridade que poidan ser necesarios para o desenvolvemento das funcións que se deban desenvolver en réxime de teletraballo.*

*- c) Acceso ás aplicacións informáticas do concello e, concretamente, ás empregadas no órgano de adscrición do posto desempeñado na modalidade de teletraballo.*

*-d) A conexión cos sistemas informáticos do concello que deberán levarse a cabo de conformidade coa política de seguridade do Concello para garantir a accesibilidade , axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación e dos sistemas de información.*

*-e) Os sistemas de sinatura electrónica durante a prestación de servizos en réxime de teletraballo, que serán determinados polo Concello e serán os mesmos que os utilizados no réxime ordinario de prestación de servizos.*

*Os recursos tecnolóxicos entregados, en casos excepcionais e segundo dispoñibilidade económica polo Concello para o desempeño dos postos en réxime de teletraballo serán*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*preferentemente os mesmos que se vaian utilizar nas xornadas presenciais, evitando que a modalidade de teletraballo poida supoñer a existencia dunha duplicidade de medios, que só excepcionalmente se poderá autorizar motivadamente.*

*Só se prestará o servizo de soporte dos medios corporativos e dos medios tecnolóxicos facilitados polo Concello.*

*Tales medios non se poderán utilizar para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizos que motivaron a súa entrega ao persoal teletraballador, que deberá responsabilizarse da súa integridade, custodia, conservación en perfecto estado, e da súa dispoñibilidade para prestar servizos tanto na modalidade presencial como remota.*

*Sen prexuízo da extensión telefónica corporativa adscrita á persoa teletraballadora, esta deberá comunicar ao seu órgano de adscrición un número de teléfono de referencia no que contactar para o suposto de que xurdan incidencias que interrompa a comunicación a través da liña corporativa.*

*11. No caso de que o número de solicitudes de prestación de servizos en réxime de teletraballo impida a un órgano de adscrición ou centro dependente garantir unha dotación mínima diaria do 40% dos seus efectivos, as autorizacións atenderán aos seguintes criterios de prioridade:*

*- a) Persoas vítimas de violencia de xénero.*

*-b) Traballadoras embarazadas.*

*-c) Persoas con discapacidade.*

*- d) Persoas maiores de 60 anos.*

*- e) Persoas con necesidades de conciliación da vida familiar e persoal.*

*- f) Non ter autorizada compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado.*

*Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate a maior antigüidade no posto de traballo que se pretende desempeñar en réxime de teletraballo.*

*En todo caso, a comisión Técnica de Seguimento do teletraballo poderá incluír motivadamente algún outro criterio de prioridade.*

***Artigo 7. Inicio do procedement**o*

*1. O procedemento de autorización para teletraballar iniciarase por solicitude da persoa interesada. A solicitude presentarase de forma electrónica , ou presencial segundo o modelo oficial de solicitude que estará dispoñible na paxina WEB , ou no rexistro xeral do Concello.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2. Xunto coa solicitude achegarase debidamente cuberto o cuestionario de autoavaliación en materia de prevención de riscos laborais para o posto de teletraballo e a declaración de compromiso de adoptar as medidas de seguridade e hixiene que indique o Servizo de Prevención de Riscos Laborais unha vez avaliado o cuestionario de autoavaliación.*

*3. Tamén se achegará asinado o compromiso de observar en todo momento a normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, para o cal o órgano directivo competente o informará por escrito de todos os deberes e obrigas que lle correspondan de acordo coa mencionada normativa. Para estes efectos, estableceranse mecanismos que garantan a protección e confidencialidade dos datos obxecto de tratamento en réxime de teletraballo e a propia intimidade do traballador.*

*4. Se a solicitude de inicio non reúne os requisitos neste acordo, requirirase a persoa solicitante para que nun prazo de 5 días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos , con indicación de que , se así no o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos legais previstos.*

***Artigo 8. Instrución***

*1. O órgano competente da instrución , antes de informar a solicitude, deberá verificar as dispoñibilidades tecnolóxicas , a susceptibilidade de desempeño do posto na modalidade de teletraballo, o cumprimento dos requisitos para prestar servizos en réxime de teletraballo do solicitante, a compatibilidade do desempeño do posto na modalidade solicitada coas necesidades de servizo e demais circunstancias que deban constar na resolución de autorización da prestación de servizos en réxime de teletraballo. Para iso solicitará os seguintes informes.*

*- a) Informe do servizo competente sobre as dispoñibilidades tecnolóxicas que permitan autorizar a modalidade de teletraballo solicitada e, se é o caso, sobre a adecuación dos medios de que dispón a persoa traballadora, que se emitirá no prazo máximo de 15 días hábiles.*

*- b) Informe do servizo de adscrición do posto do solicitante de teletraballo, que se emitirá no prazo máximo de 15 días hábiles , sobre os seguintes puntos:*

*1º. Funcións e tarefas asignadas con carácter xeral ao posto de traballo, sen prexuízo daqueloutros que poidan ser asignados pola persoa responsable do órgano de adscrición para unha organización eficiente do servizo.*

*2º. Cumprimentos dos requisitos previstos no artigo 5 deste acordo.*

*3º. Constatación de se o desenvolvemento das tarefas en réxime de teletraballo exixe acceder ás bases de datos ou aplicacións que sexan titularidade do Concello.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*4º. Pronunciamento sobre a compatibilidade da autorización de teletraballo coas necesidades de servizo da unidade de adscrición ou manifestación expresa dos motivos que impidan a autorización do mencionado réxime por tal motivo*

*5º. Número máximo de xornadas mensuais que se desenvolveran en réxime de teletraballo.*

***Artigo.9 Resolución***

*1. As solicitudes de teletraballo deberán resolverse e notificarse no prazo máximo de un mes, contados desde a súa recepción. O vencemento do prazo máximo , sen terse notificada resolución expresa, lexitima a persoa interesada para entendela estimada por silencio administrativo.*

*2. No caso de que o informe de dispoñibilidade tecnolóxica sexa desfavorable ou de que o xefe de servizo ou unidade informe que o posto non é susceptible de desempeñar na modalidade de teletraballo, que tal desempeño é incompatible coas necesidades de servizo ou que o solicitante non cumpre algún dos requisitos para prestar servizos nesta modalidade, o Alcalde - Presidente ditará resolución motivada , logo de dar audiencia ao interesado no prazo de 15 días hábiles.*

*3. No caso de que existan as dispoñibilidades tecnolóxicas que permitan estimar a solicitude e o informe do xefe do servizo ou unidade sexa favorable, se remitirá o cuestionario de autoavaliación de riscos laborais ao Servizo de Prevención de riscos Laborais, para que revise e sinale, con carácter previo á resolución, a súa conformidade, desconformidade ou reparo.*

*No caso de reparo, deberá emitir un informe coas recomendacións que sexan necesarias para que o empregado ou a empregada poida teletraballar. As ditas recomendacións, que lle serán comunicadas, deben ser asumidas de forma expresa pola persoa interesada.*

*4. A resolución de autorización de desempeño na modalidade de teletraballo dun posto de traballo decidirá sobre as seguintes cuestións:*

*-a) O número de xornadas mensuais que se desenvolverán na modalidade de teletraballo.*

*-b) A identificación da persoa do supervisor e descrición dos medios para levar a cabo a función de supervisión.*

*5. O Concello comunicará mensualmente ás organizacións sindicais a relación de solicitudes de teletraballo autorizadas e denegadas.*

***Artigo 10. Inicio da prestación de servizos en réxime de teletraballo***

*1. Unha vez notificada a resolución de autorización, a súa efectividade producírase no momento en que se o coñecemento dos recursos tecnolóxicos do empregado/a, do que quedará a correspondente constancia coa sinatura por parte da persoa interesada e o compromiso de non empregalos para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizo e de garantir a súa custodia coa debida dilixencia.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2. Para os anteriores efectos, o responsable do servizo ou unidade solicitará do servizo competente relación dos recursos tecnolóxicos necesarios para que se preste o servizo na modalidade de teletraballo e para a súa comprobación da persoa teletraballadora, no caso da persoa faga uso dos medios propios.*

*3. Unha vez que obteña o dito acceso, a persoa traballadora deberá efectuar unha proba para verificar as condicións de conexión. De seren estas favorables comunicarallo á persoa responsable do servizo de adscrición do posto, para que adopte as medidas necesarias co fin de facer efectivo o desfrute desta modalidade de prestación de servizos.*

*Se a proba realizada non ten resultados satisfactorios, deixarase en suspenso a efectividade e inicio da autorización ata un máximo de 15 días , co fin de emendar as deficiencias.*

*Se estas son imputables ao traballador ou traballadora, poderase deixar sen efecto a resolución de autorización de teletraballo.*

***Artigo 11. Suspensión do réxime de teletraballo***

*1. Poderanse suspender os efectos da autorización de desempeño dun posto en réxime de teletraballo, de oficio ou por instancia do interesado, cando o xustifiquen as necesidades do servizo debidamente acreditadas ou cando en determinado momento non se poida dispoñer dos medios adecuados ou non estea garantida a interconexión.*

*2. A resolución de suspensión a ditará o órgano competente, logo de dar audiencia á persoa teletraballadora, cando se realice de oficio, ou de informe favorable do servizo ou unidade de adscrición, no caso de que se realice por instancia da persoa.*

*3. A suspensión do teletraballo suporá á volta á modalidade de prestación de servizos na modalidade unicamente presencial no prazo máximo de dous días hábiles seguinte á notificación da resolución.*

*4. Unha vez que desapareza a causa que deu lugar á suspensión, comunicarase ao órgano competente para resolver e reiniciarase a prestación na modalidade de teletraballo no prazo dos tres días hábiles seguintes ao da notificación da resolución en que este órgano acorde o restablecemento do réxime de prestación na modalidade de teletraballo.*

***Artigo12. Extinción da prestación de servizos na modalidade de teletraballo.***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1. A autorización para prestar servizos en réxime de teletraballo quedará sen efecto por algunha das seguintes causas xustificadas:*

*- a) por finalización do prazo de autorización, se estaba suxeita a termo.*

*- b) Por necesidades de servizo sobrevidas e convenientemente motivadas.*

*- c) por incumprimento sobrevido de calquera dos requisitos previstos no artigo 5.*

*- d) Por incumprimento non xustificado por parte da persoa traballadora dos obxectivos establecidos ou de calquera outro deber ou obriga asociada á modalidade de prestación de servizo en réxime de teletraballo , así como das condicións técnicas, de protección de datos ou de prevención de riscos laborais.*

*- e) Por causas sobrevidas que alteren substancialmente as condicións e requisitos de autorización.*

*- f) Por cambio de posto de traballo.*

*- g) Por petición da persoa teletraballadora, presentada con 10 días hábiles de antelación á data en que se pretenda reiniciar a prestación do traballo unicamente na modalidade presencial.*

*2. Agás as causas de extinción previstas nas letras a), f), e g), a extinción acordarase por resolución motivada, logo de informe do servizo de adscrición do posto desempeñado en réxime de teletraballo, e de audiencia previa ao interesado.*

***CAPITULO III***

***Réxime especial de prestación de servizos en réxime de teletraballo***

***Artigo 13. Réxime especial de autorización***

*1. O Concello poderá establecer a obrigada prestación de servizo na modalidade de réxime especial de teletraballo por algún dos seguintes motivos extraordinarios ou excepcionais:*

*- a) Cando a vulnerabilidade dunha persoa empregada pública recomende adoptar esta medida como complemento ou alternativa da adaptación dun posto de traballo susceptible de ser prestado en réxime de teletraballo. Considerase incluído neste apartado a situación de tramitación de expedientes por acoso laboral.*

*- b) Por obras, traslados ou por circunstancias de forza maior que impidan o desenvolvemento do servizo de forma presencial en determinados órganos.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*- c) Cando non sexa posible un traslado por motivos de violencia  de xénero ou cando a prestación de servizos na modalidade de teletraballo garanta de forma máis efectiva a protección da persoa empregada pública vítima de violencia de xénero.*

*- d) por razóns de declaración da situación de emerxencia.*

*2. Esta modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo poderá atinxir ás concretas persoas traballadoras afectadas, a parte ou a todas as persoas traballadoras dun ou de varios servizos, unidades ou centros ou mesmo á totalidade do persoal do Concello e non estará , en todo caso , suxeita ao cumprimento íntegro das condicións previstas nos artigos 3, 4 e 5 , podendo establecerse que a prestación na modalidade de teletraballo se estenda á totalidade das xornadas mensuais e semanais . Así mesmo, o concello , so no suposto recollido no apartado d)do número anterior, tampouco estará obrigada a facilitar os  medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo nesta modalidade especial de prestación en réxime de teletraballo, máis alá de facilitar o acceso remoto ao equipo de traballo.*

*3. En todo caso, o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición que exerza a supervisión deberá organizar o traballo a través da identificación de obxectivos e a avaliación do seu cumprimento mediante un plan deseñado a tal finalidade.*

## CAPITULO IV

## Formación, seguimento e avaliación do réxime de teletraballo

### *Artigo 14. Seguimento e control do traballo desenvolvido e do horario*

*O seguimento e avaliación do traballo desenvolvido pola teletraballador/a efectuarase atendendo ao cumprimento de obxectivos e á consecución de resultados, utilizando para iso, os sistemas e medios tecnolóxicos de seguimento para verificar o traballo realizado.*

### *Artigo 15. Control horario na modalidade de teletraballo*

*O sistema de acreditación da xornada e horario será o mesmo que estea vixente para o resto de persoal non teletraballador.*

### *Artigo 16. Formación especifica*

*Os Empregados/as públicos incluídos dentro da modalidade de teletraballo terá a necesaria formación para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade, e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laborais,*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*protección de datos , ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.*

*O concello facilitará aos empregados públicos incluidos dentro do ámbito de aplicación deste acordo a formación necesaria para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade de teletraballo e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laboráis, protección de datos, ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.*

***CAPITULO V***

***Comisións de seguimento do teletraballo***

***Artigo 17. Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo***

*Créase a Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo como órgano colexiado de seguimento e control da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo reunirase con carácter ordinario cunha periodicidade mínima trimestral e estará constituída polos seguintes membros:*

*- a) Presidencia: Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.*

*- b) Tres Vogais, designados mediante resolución da Alcaldía-Presidencia. Un Concelleiro/a, máis dous empregados públicos do Concello.*

*- c) Secretaría: desempeñara esta función a persoa que designe a presidencia, de entre as que actúen en calidade de vogal.*

***Artigo 18. Competencias da comisión técnicas***

*Son competencias da Comisión Técnica de Seguimento do teletraballo:*

*- a) Estudar as incidencias que se lle comuniquen sobre a materia, e ditar criterios para a súa resolución.*

*- b) Establecer criterios orientativos en relación cos postos excluídos da modalidade de teletraballo.*

*- c) elaborar e valorar cuestionarios para avaliar o funcionamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo, así como o índice de satisfacción das persoas teletraballadoras e supervisoras.*

*- d) Informar con carácter facultativo sobre as queixas que se presenten en relación coa prestación de servizos na modalidade de teletraballo.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*-e) Elaborar un informe anual de seguimento das resolucións emitidas, en que se incluirán os principais datos cuantitativos, a valoración dos resultados obtidos e do grao de eficiencia do traballo desenvolvido, as incidencias manifestadas e, se é o caso, as proposta de mellora que se consideren oportunas.*

***Artigo 19. Controis sobre o teletraballo***

*Sen prexuízo das competencias da Comisión Técnica de Seguimento do teletraballo, se poderán realizar controis sobre o grao de cumprimento das previsións establecidas neste acordo, en particular respecto do seguimento dos indicadores de obxectivos.*

*Igualmente, á vista das conclusións das comprobacións realizadas, determinar criterios de obrigado cumprimento sobre a implantación e desenvolvemento da modalidade de teletraballo.*

***Artigo 20. Comisión paritaria de Seguimento do acordo***

3. *Créase tamén unha Comisión de Seguimento do Acordo de composición paritaria, da que formarán parte os representantes do concello que designe o Alcalde, que exercerá a súa presidencia, por si mesmo ou, por persoa en quen delegue, e por un representante designado por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación do Concello.*

4. *Esta Comisión reunirase con carácter ordinario coa mesma periodicidade que a comisión técnica, co obxeto de que os representantes das organización sindicais poidan:*

a. *Coñecer as incidencias e as queixas que se produzan*

b. *Participar na proposta dos criterios orientativos en relación cos postos excluídos do réxime de teletraballo e na elaboración dos criterios de interpretación para a correcta aplicación deste acordo.*

c. *Recibir información das resolucións denegatorias e das causas que as motivan.*

d. *Coñecer e debater o informe anual*

e. *Formular propostas de mellora*

*Tamén se poderá reunir con carácter extraordinario por iniciativa da Presidencia ou da mayoría de representates da parte social, co obxeto de estudar propostas de mellora da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Disposición transitoria única. Recursos tecnolóxicos.***

1. *Por motivos organizativos e de dispoñibilidade de medios, a obrigatoriedade de que o concello de Pontedeume facilite os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo na modalidade de teletraballo non será efectiva ata que transcorra o ano desde a entrada en vigor deste regulamento.*

2. *En consecuencia, durante este período transitorio, se realizará unha previsión de dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos necesarios e poderase proceder á entrega dos recursos tecnolóxicos previstos, a medida que as posibilidades tecnolóxicas o vaian permitindo.*

***CUARTO.*** *Notificar o presente acordo á interesada que presentou as alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.*

***QUINTO.*** *Publicar o presente Acordo definitivo co texto íntegro do REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDE, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal*

***SEXTO.*** *Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.*

***SÉTIMO.*** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto*

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."*

*A Presidencia abre a quenda para o debate ... // ...*

*Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. José Simoes Couceiro**, explica o contido da proposta remitíndose á documentación que consta no expediente.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena,** pensan que como grupo, é importante e necesario o regulamento do teletraballo como modalidade de traballo, polo tanto o voto vai a ser a favor. De



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

seguido comenta que se houbera boa fe, esa Mesa de Negociación podería ser moito mellor, e evitar que unha parte dos representantes da Mesa consideraran que non houbo un proceso de negociación.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes Couceiro,** para indicar que nunca houbo mala fe, pois foi o goberno quen fixo a proposta. Afirma que en ningún momento a parte sindical propuxo nada.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación ó ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**.- Resolver as alegacións presentadas, en tempo e forma, por Dona María Esther Leira Penabad, en calidade de representante de CIG-Administracións Públicas, presentadas con número de rexistro de entrada 202100000001744 de data 14/07/2021, no sentido seguinte:

**Alegación Primeira**: Desestimar, xa que non pode ser acollida por esta Alcaldía a ausencia de negociación do texto do Regulamento, e tendo en conta ao respecto o indicado na Mesa de negociación celebrada ao efecto o pasado 3 de setembro de 2021 e a celebrada con anterioridade o día 2 de marzo de 2021.

**Alegación Segunda**: Estimar, polo que o Artigo 2 Definicións, quedará redactado como segue:

**Artigo 2**. **Definicións**

1. Para os efectos do disposto no presente acordo, enténdese o teletraballo como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia en que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse , sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias do Concello de Pontedeume, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Esta modalidade de desempeño será compatible e complementaria da modalidade presencial, garantindo en todo caso a atención directa presencial, e configúrase como unha modalidade de traballo de carácter estrutural.

2. Esta modalidade de desempeño será compatible con calquera das modalidades horarias, ordinaria, flexible ou especial, permitidas pola normativa. Non obstante, co obxecto de garantir a reciprocidade do exercicio do dereito concorrente á desconexión dixital das persoas teletraballadoras e das supervisoras e demais persoal dos órganos , os días en que se desenvolva a modalidade de teletraballo as persoas que o teñan autorizado deberán estar con carácter xeral en disposición de atender as indicacións , as instrucións e os requirimentos do persoal supervisor do órgano de adscrición e atender as comunicacións do restante persoal do órgano **durante a xornada estipulada por convenio colectivo e acordo regulador para a xornada presencial, e tendo en conta a flexibilidade horaria á que se pode acoller cada traballador/a**. En todo caso, estes períodos poderanse modular individualmente , atendendo ás necesidades do servizo.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. A persoa supervisora será o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición do posto, ou no caso de non habelo, o Concelleiro/a da área a que pertenza.

4. As funcións de supervisión implicarán , cando menos, as seguintes:

a) fixar os obxectivos do servizo e dos postos a el adscritos, de forma consensuada co Concelleiro/a delegado dese área.

b) definir os indicadores que permitan informar e valorar da forma mais precisa posible o cumprimento dos obxectivos.

c) Realizar o seguimento, verificación e avaliación dos resultados, coa finalidade de tomar as decisións , se é o caso, necesarias para conseguir os obxectivos fixados. Deberase dar conta dos mesmos ao Concelleiro/a delegado dese área.

**Alegación terceira**: Estimar parcialmente. En canto á redacción do artigo 6 manterase invariable con respecto á redacción sometida a aprobación inicial, pero atendendo á alegación presentada, introdúcese unha disposición transitoria única que indica o seguinte:

**Disposición transitoria única. Recursos tecnolóxicos.**

1. Por motivos organizativos e de dispoñibilidade de medios, a obrigatoriedade de que o concello de Pontedeume facilite os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo na modalidade de teletraballo non será efectiva ata que transcorra o ano desde a entrada en vigor deste regulamento.

2. En consecuencia, durante este período transitorio, se realizará unha previsión de dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos necesarios e poderase proceder á entrega dos recursos tecnolóxicos previstos, a medida que as posibilidades tecnolóxicas o vaian permitindo.

**Alegación cuarta:** Estimar, en canto á eliminar como criterio de prioridade no artigo 6, punto 11, Réxime de autorización, o apartado f) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo.

En consecuencia, coa alegación presentada, a redacción do artigo 6 queda como segue:

**Artigo 6. <u>Réxime de autorización</u>**

...//...

11. No caso de que o número de solicitudes de prestación de servizos en réxime de teletraballo impida a un órgano de adscrición ou centro dependente garantir unha dotación mínima diaria do 40% dos seus efectivos, as autorizacións atenderán aos seguintes criterios de prioridade:

- a) Persoas vítimas de violencia de xénero.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-b) Traballadoras embarazadas.

-c) Persoas con discapacidade.

- d) Persoas maiores de 60 anos.

- e) Persoas con necesidades de conciliación da vida familiar e persoal.

~~- f) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo.~~

- f) Non ter autorizada compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado.

Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate a maior antigüidade no posto de traballo que se pretende desempeñar en réxime de teletraballo.

En todo caso, a comisión Técnica de Seguimento do teletraballo poderá incluír motivadamente algún outro criterio de prioridade.

**Alegación quinta:** Estimar, de ahí que atendendo á alegación presentada o artigo 16. Formación específica, queda redactado como segue:

**Artigo 16. Formación especifica**

Os Empregados/as públicos incluídos dentro da modalidade de teletraballo terá a necesaria formación para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade, e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laborais, protección de datos , ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.

**O concello facilitará aos empregados públicos incluídos dentro do ámbito de aplicación deste acordo a formación necesaria para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade de teletraballo e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laboráis, protección de datos, ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.**

**Alegación sexta:** Estimar, modificando o título do capítulo V. Comisión de seguimento do teletraballo, de ahí que quedará como segue:



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Capítulo V. Comisións de Seguimento do Teletraballo.**

**Alegación Sétima:** Estimar, en consonancia coa estimación da alegación sexta. De ahí que a redacción do artigo 17 quedará como segue:

**Artigo 17. <u>Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo</u>**

Créase a Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo como órgano colexiado de seguimento e control da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo reunirase con carácter ordinario cunha periodicidade mínima trimestral e estará constituída polos seguintes membros:

- a) Presidencia: Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.

- b) Tres Vogais, designados mediante resolución da Alcaldia-Presidencia. Un Concelleiro/a, **máis dous empregados públicos** do Concello.

- c) Secretaría: desempeñara esta función a persoa que designe a presidencia, de entre as que actúen en calidade de vogal.

~~- d) Unha persoa da representación dos empregados/as.~~

**Alegación oitava:** Estimar. De ahí que se engade un artigo 20. Comisión paritaria de Seguimento do acordo, co seguinte teor:

**Artigo 20 Comisión paritaria de Seguimento do acordo**

1. ***Créase tamén unha Comisión de Seguimento do Acordo de composición paritaria, da que formarán parte os representantes do concello que designe o Alcalde, que exercerá a súa presidencia, por si mesmo ou, por persoa en quen delegue, e por un representante designado por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación do Concello.***

2. ***Esta Comisión reunirase con carácter ordinario coa mesma periodicidade que a comisión técnica, co obxeto de que os representantes das organización sindicais poidan:***

a) **Coñecer as incidencias e as queixas que se produzan**

b) **Participar na proposta dos criterios orientativos en relación cos postos excluídos do réxime de teletraballo e na elaboración dos criterios de interpretación para a correcta aplicación deste acordo.**

c) **Recibir información das resolucións denegatorias e das causas que as motivan.**

d) **Coñecer e debater o informe anual**

e) **Formular propostas de mellora**



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Tamén se poderá reunir con carácter extraordinario por iniciativa da Presidencia ou da mayoría de representates da parte social, co obxeto de estudar propostas de mellora da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo.**

**SEGUNDO**: Aprobar definitivamente o REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME, una vez resoltas as alegacións presentadas e incorporadas as mesmas ao articulado do Regulamento, coa redacción que a continuación se recolle:

**REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDEUME**

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

**Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. Este acordo ten por obxecto regular as condicións e o procedemento para autorizar a prestación de servizos na modalidade de teletraballo ao persoal do Concello de Pontedeume incluído dentro do ámbito de aplicación.

2. Estas disposicións serán de aplicación ao persoal funcionario e ao persoal laboral que preste servizos no Concello de Pontedeume, que ocupe un posto de traballo susceptible de ser desempeñado na modalidade de teletraballo.

**Artigo 2. Definicións**

1. Para os efectos do disposto no presente acordo, enténdese o teletraballo como aquela modalidade de prestación de servizos a distancia en que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias do Concello de Pontedeume, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Esta modalidade de desempeño será compatible e complementaria da modalidade presencial, garantindo en todo caso a atención directa presencial, e configúrase como unha modalidade de traballo de carácter estrutural.

2. Esta modalidade de desempeño será compatible con calquera das modalidades horarias, ordinaria, flexible ou especial, permitidas pola normativa. Non obstante, co obxecto de garantir a reciprocidade do exercicio do dereito concorrente á desconexión dixital das persoas



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

teletraballadoras e das supervisoras e demais persoal dos órganos , os días en que se desenvolva a modalidade de teletraballo as persoas que o teñan autorizado deberán estar con carácter xeral en disposición de atender as indicacións , as instrucións e os requirimentos do persoal supervisor do órgano de adscrición e atender as comunicacións do restante persoal do órgano durante a xornada estipulada por convenio colectivo e acordo regulador para a xornada presencial, e tendo en conta a flexibilidade horaria á que se pode acoller cada traballador/a. En todo caso, estes períodos poderanse modular individualmente , atendendo ás necesidades do servizo.

3. A persoa supervisora será o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición do posto, ou no caso de non habelo, o Concelleiro/a da área a que pertenza.

4. As funcións de supervisión implicarán , cando menos, as seguintes:

a) fixar os obxectivos do servizo e dos postos a el adscritos, de forma consensuada co Concelleiro/a delegado dese área.

b) definir os indicadores que permitan informar e valorar da forma mais precisa posible o cumprimento dos obxectivos.

c) Realizar o seguimento, verificación e avaliación dos resultados, coa finalidade de tomar as decisións , se é o caso, necesarias para conseguir os obxectivos fixados. Deberase dar conta dos mesmos ao Concelleiro/a delegado dese área.

**Artigo 3. <u>Dereitos individuais e colectivos das persoas teletraballadoras.</u>**

O persoal teletraballador terá os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal non teletraballador.

**Artigo 4. <u>Postos susceptibles desempeño na modadlidade de teletraballo.</u>**

1. Con carácter xeral, terán a consideración de postos de traballo susceptibles de ser desempeñados en réxime de teletraballo todos aqueles que non esteen incluídos no número seguinte deste artigo:

2. Non serán susceptibles de ser desempeñados en réxime de teletraballo os seguintes tipos de postos:

a) Postos de persoal condutor e de persoal subalterno.

b) Postos que desenvolvan as súas funcións fóra das dependencias administrativas.

C) Postos que impliquen o manexo de información e acceso a datos non dixitalizados.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) Postos cunhas funcións que exixan necesariamente a prestación de servizos presenciais , entendéndose por tales os que a súa prestación efectiva só quede plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.

3. No obstante, de forma suficientemente motivada, os responsables dos servizos de adscrición do posto, poderán autorizar a prestación en réxime de teletraballo a persoas adscritas a postos cualificados como non susceptibles de ser desempeñados baixo a dita modalidade, logo de informe favorable dos órganos competentes en materia de recursos humanos. Destas autorizacións darase traslado á comisión Técnica de Seguimento, que pola súa vez, comunicará tal autorización á comisión paritaria de seguimento.

A mencionada excepcionalidade deberá fundarse en que un número suficiente de tarefas asignadas ao posto permiten o seu desempeño en réxime de teletraballo durante algunha xornada e en que, durante estas , as necesidades do servizo quedan suficientemente cubertas sen a presenza física da persoa traballadora.

A autorización poderá realizarse de forma que se permita incluír motivadamente no desempeño de postos na modalidade de teletraballo persoas titulares de postos que estean sometidos a un réxime de desempeño ou funcións incompatibles con esta modalidade durante determinados períodos de tempo, semanais ou mensuais; durante os períodos en que non estean sometidos a tal réxime incompatible.

**Artigo 5. <u>Requisitos para poder autorizar a prestación de servizos en réxime de teletraballo.</u>**

Serán requisitos para que o órgano competente poida autorizar a prestación de servizos mediante a modalidade de teletraballo:

a) Que se implante no órgano de adscrición do posto un sistema de xestión do traballo por obxectivos ou un sistema medible de asignación de tarefas.

b) Que o persoal que pretenda obter a autorización para teletraballar cumpra os seguintes requisitos:

- Estar en situación de servizo activo e estar adscrito a un posto de traballo susceptible de desempeñar en réxime de teletraballo.

- Acreditar unha experiencia mínima de 1 ano de servizos prestados en postos con funcións e tarefas análogas ás do posto que se pretenda desempeñar na modalidade de teletraballo. Non obstante, no informe do órgano de adscrición do posto poderá proporse o desempeño no réxime de teletraballo para persoas que non acrediten a mencionada experiencia, pero durante o tempo que teñan desempeñado efectivamente o dito posto ou outro de contido semellante



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

teñan acreditado, a xuízo do supervisor, u correcto coñecemento das funcións que teñen que desempeñar.

- Ter coñecemento informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos , que garantan a aptitude para teletraballar, así como de protección de datos vinculados ao obxecto de tratamento.

- Dispoñer dun espazo de traballo que cumpra coas condicións establecidas pola normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

- Dispoñer de conexión estable á internet e co largo de banda suficiente para o acceso á rede do Concello.

CAPITULO II

**Réxime e procedemento de autorización para teletraballar**

**Artigo 6. Réxime de autorización**

1. A modalidade de desempeño en réxime de teletraballo será voluntaria e reversible tanto para a persoa do solicitante como para o Concello, sen prexuízo do disposto para o réxime especial de autorización.

2. O desempeño dun posto en réxime de teletraballo será compatible coas medidas de prevención de riscos laborais, coa protección dos datos empregados no seu desenvolvemento e coa seguridade dos sistemas informáticos do Concello.

3. A autorización para prestar servizos en réxime de teletraballo realizarase para o posto que estea desempeñando a persoa solicitante. O concello poderá requirir a presenza da persoa teletraballadora no centro de traballo cunha antelación mínima de 24 horas, sen prexuízo do deber de reincorporarse con carácter automático cando de xeito sobrevido se produza unha indispoñibilidade de medios que imposibiliten a prestación de servizos nesta modalidade.

4. Os órganos ou centros dependentes deben contar cunha presenza diaria mínima obrigatoria do 40% dos seus efectivos, para o que as autorizacións para prestar servizos na modalidade de teletraballo deberán prever as rotacións necesarias para garantir esta dotación mínima. Non se terá en conta en órganos en que, pola súa escasa dotación de persoal, non sexa posible garantila, sempre e cando as necesidades do servizo non se vexan afectadas.

5. A autorización para prestar servizos na modalidade de teletraballo terá, con carácter xeral, a duración dun ano desde o día en que se inicie o desempeño na mencionada modalidade e prorrogarase automaticamente, nas mesmas condicións, mentres persistan as mesmas circunstancias que motivaron a súa autorización e non exerza o persoal teletraballador o dereito a reverter a modalidade de prestación de servizos.

6. O número máximo de xornadas que se poderán desenvolver na modalidade de teletraballo non poderán superar o 60% das xornadas laborais semanais e en ningún caso se poderán prestar servizos nesta modalidade de forma continuada durante toda unha semana natural. O



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

titular do servizo poderá dispoñer que un día da semana, quincena ou mes todo ou parte do cadro de persoal do órgano preste servizos de forma presencial simultaneamente

7. Non obstante, de forma suficientemente motivada, por proposta da persoa titular do servizo de adscrición do posto, poderá autorizar a prestación en réxime de teletraballo nun número superior de xornadas mensuais ás previstas no número anterior ou tamén cando implique a presenza mínima obrigatoria dun número inferior ao 40% dos efectivos do servizo, logo do informe favorable do servizo competente. Desta autorización darase traslado á Comisión Tecnica de seguimento , que , pola súa vez , comunicará tal autorización á comisión paritaria de seguimento.

8. A xornada diaria de traballo non poderá fraccionarse para ser prestada en ambas as modalidades.

9. As persoas que teñan autorizada unha redución de xornada e obteñan a autorización para prestar servizos na modalidade de teletraballo deberán aplicar proporcionalmente a redución á xornada presencial e a xornada non presencial.

10. O traballador/a que solicite a modalidade de teletraballo deberá contar na súa residencia cos recursos tecnolóxicos necesarios para tal fin, sempre e cando cumpran os requisitos e políticas de seguridade que se definan.

De non dispor do mencionado material, e unha vez acreditado este feito, o Concello, e segundo as dispoñibilidades económicas, poderá proceder á súa dotación se así o considera.

- a) O traballador terá que contar cun ordenador para o uso das xornadas de teletraballo. O órgano competente para resolver poderá autorizar a utilización de dispositivos propiedade Concello, sempre que o traballador acredite qye os da súa propiedade non cumpran os requirimentos e políticas de seguridade que definan.

-b) As ferramentas ofimáticas, de traballo remoto ou de traballo colaborativo e de ciberseguridade que poidan ser necesarios para o desenvolvemento das funcións que se deban desenvolver en réxime de teletraballo.

- c) Acceso ás aplicacións informáticas do concello e, concretamente, ás empregadas no órgano de adscrición do posto desempeñado na modalidade de teletraballo.

-d) A conexión cos sistemas informáticos do concello que deberán levarse a cabo de conformidade coa política de seguridade do Concello para garantir a accesibilidade , axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación e dos sistemas de información.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

-e) Os sistemas de sinatura electrónica durante a prestación de servizos en réxime de teletraballo, que serán determinados polo Concello e serán os mesmos que os utilizados no réxime ordinario de prestación de servizos.

Os recursos tecnolóxicos entregados, en casos excepcionais e segundo dispoñibilidade económica polo Concello para o desempeño dos postos en réxime de teletraballo serán preferentemente os mesmos que se vaian utilizar nas xornadas presenciais, evitando que a modalidade de teletraballo poida supoñer a existencia dunha duplicidade de medios, que só excepcionalmente se poderá autorizar motivadamente.

Só se prestará o servizo de soporte dos medios corporativos e dos medios tecnolóxicos facilitados polo Concello.

Tales medios non se poderán utilizar para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizos que motivaron a súa entrega ao persoal teletraballador, que deberá responsabilizarse da súa integridade, custodia, conservación en perfecto estado, e da súa dispoñibilidade para prestar servizos tanto na modalidade presencial como remota.

Sen prexuízo da extensión telefónica corporativa adscrita á persoa teletraballadora, esta deberá comunicar ao seu órgano de adscrición un número de teléfono de referencia no que contactar para o suposto de que xurdan incidencias que interrompa a comunicación a través da liña corporativa.

11. No caso de que o número de solicitudes de prestación de servizos en réxime de teletraballo impida a un órgano de adscrición ou centro dependente garantir unha dotación mínima diaria do 40% dos seus efectivos, as autorizacións atenderán aos seguintes criterios de prioridade:

- a) Persoas vítimas de violencia de xénero.

-b) Traballadoras embarazadas.

-c) Persoas con discapacidade.

- d) Persoas maiores de 60 anos.

- e) Persoas con necesidades de conciliación da vida familiar e persoal.

- f) Non ter autorizada compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado.

Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, tomarase como criterio de desempate a maior antigüidade no posto de traballo que se pretende desempeñar en réxime de teletraballo.

En todo caso, a comisión Técnica de Seguimento do teletraballo poderá incluír motivadamente algún outro criterio de prioridade.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Artigo 7. Inicio do procedemento**

1. O procedemento de autorización para teletraballar iniciarase por solicitude da persoa interesada. A solicitude presentarase de forma electrónica , ou presencial segundo o modelo oficial de solicitude que estará dispoñible na paxina WEB , ou no rexistro xeral do Concello.

2. Xunto coa solicitude achegarase debidamente cuberto o cuestionario de autoavaliación en materia de prevención de riscos laborais para o posto de teletraballo e a declaración de compromiso de adoptar as medidas de seguridade e hixiene que indique o Servizo de Prevención de Riscos Laborais unha vez avaliado o cuestionario de autoavaliación.

3. Tamén se achegará asinado o compromiso de observar en todo momento a normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, para o cal o órgano directivo competente o informará por escrito de todos os deberes e obrigas que lle correspondan de acordo coa mencionada normativa. Para estes efectos, estableceranse mecanismos que garantan a protección e confidencialidade dos datos obxecto de tratamento en réxime de teletraballo e a propia intimidade do traballador.

4. Se a solicitude de inicio non reúne os requisitos neste acordo, requirirase a persoa solicitante para que nun prazo de 5 días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos , con indicación de que , se así no o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos legais previstos.

**Artigo 8. Instrución**

1. O órgano competente da instrución , antes de informar a solicitude, deberá verificar as dispoñibilidades tecnolóxicas , a susceptibilidade de desempeño do posto na modalidade de teletraballo, o cumprimento dos requisitos para prestar servizos en réxime de teletraballo do solicitante, a compatibilidade do desempeño do posto na modalidade solicitada coas necesidades de servizo e demais circunstancias que deban constar na resolución de autorización da prestación de servizos en réxime de teletraballo. Para iso solicitará os seguintes informes.

- a) Informe do servizo competente sobre as dispoñibilidades tecnolóxicas que permitan autorizar a modalidade de teletraballo solicitada e, se é o caso, sobre a adecuación dos medios de que dispón a persoa traballadora, que se emitirá no prazo máximo de 15 días hábiles.

- b) Informe do servizo de adscrición do posto do solicitante de teletraballo, que se emitirá no prazo máximo de 15 días hábiles , sobre os seguintes puntos:



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1º. Funcións e tarefas asignadas con carácter xeral ao posto de traballo, sen prexuízo daqueloutros que poidan ser asignados pola persoa responsable do órgano de adscrición para unha organización eficiente do servizo.

2º. Cumprimentos dos requisitos previstos no artigo 5 deste acordo.

3º. Constatación de se o desenvolvemento das tarefas en réxime de teletraballo exixe acceder ás bases de datos ou aplicacións que sexan titularidade do Concello.

4º. Pronunciamento sobre a compatibilidade da autorización de teletraballo coas necesidades de servizo da unidade de adscrición ou manifestación expresa dos motivos que impidan a autorización do mencionado réxime por tal motivo

5º. Número máximo de xornadas mensuais que se desenvolveran en réxime de teletraballo.

**Artigo.9 Resolución**

1. As solicitudes de teletraballo deberán resolverse e notificarse no prazo máximo de un mes, contados desde a súa recepción. O vencemento do prazo máximo , sen terse notificada resolución expresa, lexitima a persoa interesada para entendela estimada por silencio administrativo.

2. No caso de que o informe de dispoñibilidade tecnolóxica sexa desfavorable ou de que o xefe de servizo ou unidade informe que o posto non é susceptible de desempeñar na modalidade de teletraballo, que tal desempeño é incompatible coas necesidades de servizo ou que o solicitante non cumpre algún dos requisitos para prestar servizos nesta modalidade, o Alcalde - Presidente ditará resolución motivada , logo de dar audiencia ao interesado no prazo de 15 días hábiles.

3. No caso de que existan as dispoñibilidades tecnolóxicas que permitan estimar a solicitude e o informe do xefe do servizo ou unidade sexa favorable, se remitirá o cuestionario de autoavaliación de riscos laborais ao Servizo de Prevención de riscos Laborais, para que revise e sinale, con carácter previo á resolución, a súa conformidade, desconformidade ou reparo.

No caso de reparo, deberá emitir un informe coas recomendacións que sexan necesarias para que o empregado ou a empregada poida teletraballar. As ditas recomendacións, que lle serán comunicadas, deben ser asumidas de forma expresa pola persoa interesada.

4. A resolución de autorización de desempeño na modalidade de teletraballo dun posto de traballo decidirá sobre as seguintes cuestións:

-a) O número de xornadas mensuais que se desenvolverán na modalidade de teletraballo.

-b) A identificación da persoa do supervisor e descrición dos medios para levar a cabo a función de supervisión.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. O Concello comunicará mensualmente ás organizacións sindicais a relación de solicitudes de teletraballo autorizadas e denegadas.

**Artigo 10. Inicio da prestación de servizos en réxime de teletraballo**

1. Unha vez notificada a resolución de autorización, a súa efectividade producírase no momento en que se o coñecemento dos recursos tecnolóxicos do empregado/a, do que quedará a correspondente constancia coa sinatura por parte da persoa interesada e o compromiso de non empregalos para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizo e de garantir a súa custodia coa debida dilixencia.

2. Para os anteriores efectos, o responsable do servizo ou unidade solicitará do servizo competente relación dos recursos tecnolóxicos necesarios para que se preste o servizo na modalidade de teletraballo e para a súa comprobación da persoa teletraballadora, no caso da persoa faga uso dos medios propios.

3. Unha vez que obteña o dito acceso, a persoa traballadora deberá efectuar unha proba para verificar as condicións de conexión. De seren estas favorables comunicarallo á persoa responsable do servizo de adscrición do posto, para que adopte as medidas necesarias co fin de facer efectivo o desfrute desta modalidade de prestación de servizos.

Se a proba realizada non ten resultados satisfactorios, deixarase en suspenso a efectividade e inicio da autorización ata un máximo de 15 días , co fin de emendar as deficiencias.

Se estas son imputables ao traballador ou traballadora, poderase deixar sen efecto a resolución de autorización de teletraballo.

**Artigo 11. Suspensión do réxime de teletraballo**

1. Poderanse suspender os efectos da autorización de desempeño dun posto en réxime de teletraballo, de oficio ou por instancia do interesado, cando o xustifiquen as necesidades do servizo debidamente acreditadas ou cando en determinado momento non se poida dispoñer dos medios adecuados ou non estea garantida a interconexión.

2. A resolución de suspensión a ditará o órgano competente, logo de dar audiencia á persoa teletraballadora, cando se realice de oficio, ou de informe favorable do servizo ou unidade de adscrición, no caso de que se realice por instancia da persoa.

3. A suspensión do teletraballo suporá á volta á modalidade de prestación de servizos na modalidade unicamente presencial no prazo máximo de dous días hábiles seguinte á notificación da resolución.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. Unha vez que desapareza a causa que deu lugar á suspensión, comunicarase ao órgano competente para resolver e reiniciarase a prestación na modalidade de teletraballo no prazo dos tres días hábiles seguintes ao da notificación da resolución en que este órgano acorde o restablecemento do réxime de prestación na modalidade de teletraballo.

**Artigo12. Extinción da prestación de servizos na modalidade de teletraballo.**

1. A autorización para prestar servizos en réxime de teletraballo quedará sen efecto por algunha das seguintes causas xustificadas:

- a) por finalización do prazo de autorización, se estaba suxeita a termo.

- b) Por necesidades de servizo sobrevidas e convenientemente motivadas.

- c) por incumprimento sobrevido de calquera dos requisitos previstos no artigo 5.

- d) Por incumprimento non xustificado por parte da persoa traballadora dos obxectivos establecidos ou de calquera outro deber ou obriga asociada á modalidade de prestación de servizo en réxime de teletraballo , así como das condicións técnicas, de protección de datos ou de prevención de riscos laborais.

- e) Por causas sobrevidas que alteren substancialmente as condicións e requisitos de autorización.

- f) Por cambio de posto de traballo.

- g) Por petición da persoa teletraballadora, presentada con 10 días hábiles de antelación á data en que se pretenda reiniciar a prestación do traballo unicamente na modalidade presencial.

2. Agás as causas de extinción previstas nas letras a), f), e g), a extinción acordarase por resolución motivada, logo de informe do servizo de adscrición do posto desempeñado en réxime de teletraballo, e de audiencia previa ao interesado.

**CAPITULO III**

**Réxime especial de prestación de servizos en réxime de teletraballo**

**Artigo 13. Réxime especial de autorización**

1. O Concello poderá establecer a obrigada prestación de servizo na modalidade de réxime especial de teletraballo por algún dos seguintes motivos extraordinarios ou excepcionais:

- a) Cando a vulnerabilidade dunha persoa empregada pública recomende adoptar esta medida como complemento ou alternativa da adaptación dun posto de traballo susceptible de ser



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

prestado en réxime de teletraballo. Considerase incluído neste apartado a situación de tramitación de expedientes por acoso laboral.

- b) Por obras, traslados ou por circunstancias de forza maior que impidan o desenvolvemento do servizo de forma presencial en determinados órganos.

- c) Cando non sexa posible un traslado por motivos de violencia de xénero ou cando a prestación de servizos na modalidade de teletraballo garanta de forma máis efectiva a protección da persoa empregada pública vítima de violencia de xénero.

- d) por razóns de declaración da situación de emerxencia.

2. Esta modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo poderá atinxir ás concretas persoas traballadoras afectadas, a parte ou a todas as persoas traballadoras dun ou de varios servizos, unidades ou centros ou mesmo á totalidade do persoal do Concello e non estará , en todo caso , suxeita ao cumprimento íntegro das condicións previstas nos artigos 3, 4 e 5 , podendo establecerse que a prestación na modalidade de teletraballo se estenda á totalidade das xornadas mensuais e semanais . Así mesmo, o concello , so no suposto recollido no apartado d)do número anterior, tampouco estará obrigada a facilitar os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo nesta modalidade especial de prestación en réxime de teletraballo, máis alá de facilitar o acceso remoto ao equipo de traballo.

3. En todo caso, o titular do servizo, unidade ou centro de adscrición que exerza a supervisión deberá organizar o traballo a través da identificación de obxectivos e a avaliación do seu cumprimento mediante un plan deseñado a tal finalidade.

## CAPITULO IV

## Formación, seguimento e avaliación do réxime de teletraballo

### Artigo 14. Seguimento e control do traballo desenvolvido e do horario

O seguimento e avaliación do traballo desenvolvido pola teletraballador/a efectuarase atendendo ao cumprimento de obxectivos e á consecución de resultados, utilizando para iso, os sistemas e medios tecnolóxicos de seguimento para verificar o traballo realizado.

### Artigo 15. Control horario na modalidade de teletraballo

O sistema de acreditación da xornada e horario será o mesmo que estea vixente para o resto de persoal non teletraballador.

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal


CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Artigo 16. Formación especifica**

Os Empregados/as públicos incluídos dentro da modalidade de teletraballo terá a necesaria formación para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade, e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laborais, protección de datos , ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.

O concello facilitará aos empregados públicos incluidos dentro do ámbito de aplicación deste acordo a formación necesaria para unha óptima prestación de servizos nesta modalidade de teletraballo e para o desempeño eficiente das funcións de supervisión, así como en materia de prevención de riscos laboráis, protección de datos, ferramentas tecnolóxicas de traballo en remoto e colaborativo, xestión por obxetivos, avaliación do desempeño e outras semellantes.

**CAPITULO V**

**Comisións de seguimento do teletraballo**

**Artigo 17. Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo**

Créase a Comisión técnica de Seguimento do Teletraballo como órgano colexiado de seguimento e control da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo reunirase con carácter ordinario cunha periodicidade mínima trimestral e estará constituída polos seguintes membros:

- a) Presidencia: Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume ou concelleiro/a en quen delegue.

- b) Tres Vogais, designados mediante resolución da Alcaldía-Presidencia. Un Concelleiro/a, máis dous empregados públicos do Concello.

- c) Secretaría: desempeñara esta función a persoa que designe a presidencia, de entre as que actúen en calidade de vogal.

**Artigo 18. Competencias da comisión técnicas**

Son competencias da Comisión Técnica de Seguimento do teletraballo:

- a) Estudar as incidencias que se lle comuniquen sobre a materia, e ditar criterios para a súa resolución.

- b) Establecer criterios orientativos en relación cos postos excluídos da modalidade de teletraballo.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- c) elaborar e valorar cuestionarios para avaliar o funcionamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo, así como o índice de satisfacción das persoas teletraballadoras e supervisoras.

- d) Informar con carácter facultativo sobre as queixas que se presenten en relación coa prestación de servizos na modalidade de teletraballo.

-e) Elaborar un informe anual de seguimento das resolucións emitidas, en que se incluirán os principais datos cuantitativos, a valoración dos resultados obtidos e do grao de eficiencia do traballo desenvolvido, as incidencias manifestadas e, se é o caso, as proposta de mellora que se consideren oportunas.

**Artigo 19.** **Controis sobre o teletraballo**

Sen prexuízo das competencias da Comisión Técnica de Seguimento do teletraballo, se poderán realizar controis sobre o grao de cumprimento das previsións establecidas neste acordo, en particular respecto do seguimento dos indicadores de obxectivos.

Igualmente, á vista das conclusións das comprobacións realizadas, determinar criterios de obrigado cumprimento sobre a implantación e desenvolvemento da modalidade de teletraballo.

**Artigo 20.** **Comisión paritaria de Seguimento do acordo**

3. Créase tamén unha Comisión de Seguimento do Acordo de composición paritaria, da que formarán parte os representantes do concello que designe o Alcalde, que exercerá a súa presidencia, por si mesmo ou, por persoa en quen delegue, e por un representante designado por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación do Concello.

4. Esta Comisión reunirase con carácter ordinario coa mesma periodicidade que a comisión técnica, co obxeto de que os representantes das organización sindicais poidan:

a) Coñecer as incidencias e as queixas que se produzan

b) Participar na proposta dos criterios orientativos en relación cos postos excluídos do réxime de teletraballo e na elaboración dos criterios de interpretación para a correcta aplicación deste acordo.

c) Recibir información das resolucións denegatorias e das causas que as motivan.

d) Coñecer e debater o informe anual



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e) Formular propostas de mellora

Tamén se poderá reunir con carácter extraordinario por iniciativa da Presidencia ou da mayoría de representates da parte social, co obxeto de estudar propostas de mellora da modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo

**Disposición transitoria única. Recursos tecnolóxicos.**

3. Por motivos organizativos e de dispoñibilidade de medios, a obrigatoriedade de que o concello de Pontedeume facilite os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo na modalidade de teletraballo non será efectiva ata que transcorra o ano desde a entrada en vigor deste regulamento.

4. En consecuencia, durante este período transitorio, se realizará unha previsión de dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos necesarios e poderase proceder á entrega dos recursos tecnolóxicos previstos, a medida que as posibilidades tecnolóxicas o vaian permitindo.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo á interesada que presentou as alegacións durante a información pública, con indicación dos recursos pertinentes.

**QUINTO.** Publicar o presente Acordo definitivo co texto íntegro do REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO CONCELLO DE PONTEDE, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal

**SEXTO.** Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

**SÉTIMO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto

**3.- AMPLIACIÓN DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA.**

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 27/09/2021, o cal se transcribe:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA***

***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de setembro de 2021***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***EXPDTE: 2021/G012/000013***
***Sesión nº: 30/2019-2023***

***2.- AMPLIACIÓN DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA.***

*A Secretaria da lectura a proposta de Alcadía-Presidencia, que se transcibe a continuación:*

***"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTAS XERAIS DO PLENO***

***EXPDTE: 2021/X999/000435***

***EXPDTE: 2021/G006/000169***

***ASUNTO:*** *AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*

*Visto o informe emitido pola Tesoureira Municipal, de data 22 de setembro de 2021 que se transcribe:*

***" LEXISLACIÓN APLICABLE:***

*- Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).*

*- Real-Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de Abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*

*- Real Decreto-Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*

*- Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*- Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).*

*- Real-Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación (RGR). Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.*

***ANTECEDENTES***

*- BOP número 117, de data 23 de xuño do 2021, polo que se modifican as Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia.*

***INFORME.-***

***PRIMEIRO.*** *O artigo 140.1 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece como principios das relacións interadministrativas os seguintes:*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"(...)*

- *Colaboración, entendido como el deber de actuar con el resto de Administraciones Públicas para el logro de fines comunes.*

- *Cooperación, cuando dos o más Administraciones Publicas, de manera voluntaria y en ejercicio de sus competencias, asumen compromisos específicos en aras de una acción común.*

*(...)".*

*A eficacia no resultado da actuación entre Administracións Públicas, fai que a cooperación e acolaboración entre elas resulte un principio activo indispensable para o seu funcionamento.*

*En materia tributaria, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, recolle no seu artigo 5.4 que "El Estado y las Comunidades Autónomas podrán suscribir acuerdos de colaboración para la aplicación de los tributos y para el ejercicio de las funciones de revisión en vía administrativa".*

*Así mesmo no artigo 5.5 recóllese que "Así mismo, podrán establecerse fórmulas de colaboración para la aplicación de los tributos entre las entidades locales, así como entre éstas y el Estado o las Comunidades Autónomas".*

*Igualmente, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 02 de Abril , Reguladora das Bases de Réxime Local, permite os convenios de cooperación económica, técnica e administrativa entre as Corporacións Locais e a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma.*

***SEGUNDO.*** *O artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, establece que:*

*<<1. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 106.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las entidades locales podrán **delegar** en la comunidad autónoma o **en otras entidades locales** en cuyo territorio estén integradas, las facultades de **gestión, liquidación, inspección y recaudación tributarias que esta Ley les atribuye.***

*Asimismo, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de los restantes ingresos de Derecho público que les correspondan.*

*2. El acuerdo que adopte el **Pleno** de la corporación habrá de fijar el alcance y contenido de la referida delegación y se **publicará**, una vez aceptada por el órgano correspondiente de gobierno, referido siempre al Pleno, en el supuesto de Entidades Locales en cuyo territorio estén integradas en los **Boletines Oficiales de la Provincia y de la Comunidad Autónoma**, para general conocimiento.*

*3. El ejercicio de las facultades delegadas habrá de ajustarse a los procedimientos, trámites y medidas en general, jurídicas o técnicas, relativas a la gestión tributaria que establece esta Ley y, supletoriamente, a las que prevé la Ley General Tributaria. Los actos de gestión que se realicen en el ejercicio de dicha delegación serán impugnables con arreglo al procedimiento que corresponda al ente gestor, y, en último término, ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.*

*Las facultades delegadas serán ejercidas por el órgano de la entidad delegada que proceda conforme a las normas internas de distribución de competencias propias de dicha entidad.*

*4. Las entidades que al amparo de lo previsto en este artículo hayan asumido por delegación de una entidad local todas o algunas de las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de todos o algunos de los tributos o recursos de derecho público de dicha entidad*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*local, podrán ejercer tales facultades delegadas en todo su ámbito territorial e incluso en el de otras entidades locales que no le hayan delegado tales facultades.>>*

***TERCEIRO.-****Con data 23 de xuño do 2021, publícase no BOP a aprobación definitiva da modificación da Terceira das Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia.*

*O punto 2 da referida base establece a posibilidade de que os concellos poidan delegar na Deputación, entre outras a seguinte competencia:*

*k) Recadación en voluntaria e executiva de tributos, prezos públicos, sancións ou outros ingresos municipais de dereito público, de carácter non periódico.*

*O acordo de delegación deberá detallar os conceptos concretos aos que afectará.*

*Os conceptos a delegar son os que se citan a continuación:*

*-Taxa de recollida de lixo*

*-Taxa por ocupación de postos no mercado municipal*

***CUARTO.-*** *O artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, establece que as disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluidos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten aos gastos ou ingresos públicos ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financieira". Este artigo esixe ás Administracións Públicas que avalíen na súa toma de decisións a repercusións da medida que pretendan adoptar no obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financieira do Concello.*

*Esta delegación implica a asunción de obrigas de contido económico por parte do Concello, tal e como se establece na Base Sexta-Taxas por prestacións de servizos delegados:*

*As taxas a abonar polos Concellos que deleguen competencias serán recollidas na Ordenanza fiscal número 5 da Deptuación. O seu importe non poderá superar os seguintes límites:*

*O 5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.*

*O 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.*

*Estímase que as novas altas que poden xurdir do cruce de datos co Padrón catastral, ascendan a 500 altas, tratándose a maioría de vivendas de carácter familiar, a cota tributaria correspondente é de 78,65 euros. Polo que resulta un importe de 39.325 euros. Tendo en conta que a taxa da Deputación por servizos delegados é do 5%, o custo sería de 1.966,25.Para este ano, habería que ter en conta que se trata non de altas novas se non de vivendas que deberían de estar incluidas no padrón fiscal polo que deberán pagar os recibos non prescritos que serán os dos últimos 4 anos, o que ascende a cantidade de 157.300 euros, que se lle aplicamos o 5%, resutlaría unha cantidade de 7.865 euros. Cabe aclarar que este importe soamente tería*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*que terse en conta este ano, debido a actualización do padrón fiscal, e en adiante o que se producirían serían altas de novas vivendas polo que o número delas sería sensiblemente inferior.*

*En calquera caso o custo da taxa veríase compensado cos ingresos do tributo.*

*En canto ao período executivo estímase que un 9,27% do total dos recibos do Padrón pasaría á executiva, polo que das altas novas resultaría un importe de 3.617,90 euros, sendo a taxa da Deputación, para estes casos, do 75% o custo ascendería a 2.713,43 euros.*

*En canto a taxa de mercados o importe que se recaudou o ano pasado foi de 35.862,81 euros polo que a taxa de prestación de servizos delegados sería de 1.793,14 euros.*

*Á vista do anterior, cabe concluir que o custo da delegación non ten unha incidencia significativa ademáis de que se vería compensado coa recaudación de ingresos.*

*Por outra banda, a utilidade derivada da delegación desta competencia resulta evidente se temos en conta que permite ao Concello a mellora na xestión recadatoria, dada a insuficiencia de medios materiais e persoais cos que conta esta Tesourería, polo que permite unha mellor eficiencia na xestión dos ingresos municipais.../…"*

*Visto o informe xurídico da Secretaría da corporación ao tratarse dun suposto de maioría absoluta do Pleno da corporación, segundo o indicado no artigo 47.2 da LBRL.*

*Esta Concellería de Economía, Facenda e Especial de Contas, formula á Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda, a seguinte proposta de ditame:*

***PRIMERO.-** Delegar na Deputación provincial da Coruña, atendendo ao indicado no punto k), "Recadación en voluntaria e executiva de tributos, prezos públicos, sancións ou outros ingresos municipais de dereito público de carácter periódico", do punto 2 da Terceira das Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia, nos seguintes termos:*

***Delegar a recadación en voluntaria e executiva da taxa de recollida de lixo e Taxa por ocupación de postos no mercado municipal, de carácter non periódico**.*

***SEGUNDO**.- Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña do presente acordo, así como aos servizos económicos aos efectos oportunos.*

***TERCEIRO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para a plena efectividade do presente acordo."*

*A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...*

*Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, reitera o dito na Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 27/09/2021, explica que este Concello ten delegada na Deputación da Coruña, practicamente a totalidade da recadación dos tributos, trátase polo tanto dunha ampliación das delegacións. A continuación comenta, que na Taxa de recollida de lixo, este caso concreto, é debido ó expediente de regularización que estase a levar a cabo polos departamentos de Recadación e Tesourería, referente ás vivendas que non están dadas



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de alta no padrón municipal de lixo. Finalmente di que segundo se desprende nos informes non supón ningunha mingua para as arcas municipais, senón que ademais mellora a eficiencia da tesourería municipal.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, quere unha aclaración por parte da Secretaria Municipal, referente o seu informe, cando di que non queda claro o alcance, o contido da Delegación, non sabe a implicación que pode ter esa afirmación. A Secretaria Municipal da resposta a pregunta feita polo Sr Luis Pena con remisión ao indicado no informe técnico que obra no expediente.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación ó ditame quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMERO.-** Delegar na Deputación provincial da Coruña, atendendo ao indicado no punto k), "Recadación en voluntaria e executiva de tributos, prezos públicos, sancións ou outros ingresos municipais de dereito público de carácter periódico", do punto 2 da Terceira das Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia, nos seguintes termos:

**Delegar a recadación en voluntaria e executiva da taxa de recollida de lixo e Taxa por ocupación de postos no mercado municipal, de carácter non periódico**.

**SEGUNDO**.- Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña do presente acordo, así como aos servizos económicos aos efectos oportunos.

**TERCEIRO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para a plena efectividade do presente acordo.

**4.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA**

**- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA.**

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día o asunto seguinte:

**- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALET ROSA.**

Sométese a votación a ratificación da inclusión na orde do día do asunto non ditaminado pola Comisión Informativa, quedando **RATIFICADA** a inclusión do asunto na orde do día por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes

- O Sr. Daniel Ríos explica que a modificación da Ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "Chalet Rosa", consiste basicamente na gratuidade do segundo fillo/a e sucesivos da unidade familiar. Pide desculpas pola urxencia, que é debida a chegada o xoves 23, dos últimos documentos aclaratorios da Xunta de Galicia,



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

referente a unhas dúbidas que tiñan os servizos económicos, pois detectaron na documentación da Xunta uns erros.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"**PROPOSTA DE ACORDO**

***MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALET ROSA".***

*Ten por obxeto o presente acordo a modificación da Ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "Chalet Rosa".*

*Téñase en conta que a presente Ordenanza aprobouse a medio de acordo do Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o trinta e un de outubro de dous mil dous, como imposición e regulación, a través da correspondente Ordenanza fiscal, da taxa pola prestación do servicio da escola infantil municipal "Chalet Rosa", e sufriu ao longo destes últimos anos sendas modificacións: que consten, salvo erro, no ano 2009, 2012, 2014, 2015 e 2017.*

*As tarifas que se aplican son as establecidas no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG n.º 17, do 25/01/2012), publicado pola Consellería de Traballo e Benestar, na súa redacción dada polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo (DOG n.º 140-24/07/2014), os cales actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.*

*Neste momento se modifica a redacción última aprobada polo Pleno do concello de Pontedeume de data 27 de xullo de 2017, sobre a indicada Ordenanza que foi publicada no BOP da Coruña nº 180 de 21 de setembro de 2017 e para mellor entendemento e xeral coñecemento do texto, se refunde o articulado íntegro.*

*Logo das sucesivas modificacións incorporadas e atendendo á normativa estatal e autonómica actualmente en vigor, compre a adaptación dos seguintes artigos:*

*Modifícanse por medio do presente acordo os seguintes artigos:*

***Artigo 1.- Fundamento legal.***

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontedeume establece a taxa pola prestación do servicio da escola infantil municipal "Chalet Rosa", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.*

***Artigo 6.- Base impoñible e cota tributaria***

*6.1. A base impoñible virá determinada pola renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:*

*I. Os/as filloas/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as país/nais, vivan independentes detes/as.*

*II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*III. Os/as fillos /as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.*

*A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.*

*b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.*

*c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.*

*d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.*

*6.2. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:*

***6.2.1. Prezo da atención educativa.***

*O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169.26 €*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente sobre este prezo apliaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.*

*Todos/as os/as alumnos/as que teñan concedida unha praza na escola infantil deberán aboar unha matrícula anual dentro dos 10 días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de espera no taboleiro do Concello e da Escola infantil municipal.*

*O importe da matrícula variará en función da renda per cápita mensual da unidade familiar; segundo se recolle no cadro resumo de cotas que figura no anexo I. Este prezo será de 60 €/ano nos primeiros seis tramos da táboa (inferior ao 150% do IPREM) e de 90 €/ano nos dous últimos (igual ou superior ao 150% IPREM).*

*Ninguén estará exento do pagamento da matrícula.*

***6.2.2. Prezo por servizos complementarios.***

*a) Servizo de comedor*

*O prezo por este servizo fíxase en 74.05 € mensuais*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.*

*No caso de nenas/nenos que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que, excepcionalmente, desexen utilízalo algún día solto, o prezo será de 4.23 €.*

*O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.*

*No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pago deste servizo coa cota do mes seguinte.*

***b) Horario ampliado.***

*Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.*

*O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado á usuaria ou usuario será de 21.16 €.*

*O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.*

***6.2.3. Aplicación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:***

*a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 0 €; sen servizo de comedor: 0 €.*

*b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM:*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Prezo da praza con servizo de comedor: 17.45 €; sen servizo de comedor: 0 €.*

*c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 52.36 €; sen servizo de comedor: 34.91 €.*

*d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por ento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 96.26 €; sen servizo de comedor: 69.81 €.*

*e) Rendas compredidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 149.15 €; sen servizo de comedor: 112.13 €.*

*f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 186.18 €; sen servizo de comedor: 133.29 €.*

*g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 210.52 €; sen servizo de comedor: 147.05 €.*

*h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 243.31 €; sen servizo de comedor: 169.26 €.*

***6.2.4. Descontos.***

*A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no apartado anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:*

*a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.*

*b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.*

*c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.*

*Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.*

*B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento*

*C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para segundos fillos/as e sucesivos da unidade familiar.*

*Aos efectos de aplicación desta bonificación, entenderanse incluídos no concepto de unidade familiar os fillos/as maiores de 18 anos que convivan no domicilio familiar.*

***6.2.5. Exencións de pagamento.***

*A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.*

*B) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.*

***6.2.6. Supensión temporal da cota***

*Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:*

*A) Durante o mes de vacacións da/do nena/neno*

*B) Cando o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.*

*Nestes dous casos, a suspensión realizarase de oficio.*

*C) Falta temporal de asistencia á escola infantil por motivos de saúde debidamente xustificados durante un período superior a 45 días continuados: deberá solicitarse expresamente e acreditar documentalmente as circunstancias que a motivan.*

*Artigo 8.- Liquidación, recadación e xestión*

*8.1. A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servicio. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos.*

*8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes de vacacións do neno. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.*

*8.3. A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*reducción ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.*

*Con carácter excepcional, poderá eximirse do pagamento da cota da atención educativa e do comedor a aquelas/aqueles usuarias/os que por motivos de saúde non poidan asistir ao centro durante un período superior a 45 días continuados.*

*Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual do comedor dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.*

*Estas mesmas condicións de duración da suspensión da cota do comedor e reincorporación, aplicaranse no caso especificado no parágrafo anterior a este con respecto á cota mensual pola atención educativa.*

*A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.*

*Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.*

*8.4. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen perxuízo da súa esixencia pola vía de apremio, orixinará a perda do dereito á praza.*

*8.5. Revisión da tarifa: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares. Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e dende a Administración poderase citalo en calquera momento para proceder á revisión da tarifa que ven aboando.*

***Disposición Final***

*Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Pontedeume, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Se incorpora Anexo 1 con cuadro tarifas***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***ANEXO 1***

*CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS, COMEDOR E MATRÍCULA ANUAL, CURSO 2021-2022*

| Renta per cápita/mes | Xornada completa (8 horas) | Xornada de mañá (6 horas) | Xornada de tarde (6 horas) | Xornada de tarde (4 horas) | Horario ampliado (por hora, sen reducións) | Matrícula/ano | Comedor (4.23 € día solto, sen reducións) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Inferior ao 30% do IPREM<br>0 - 169.46 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 0 euros |
| Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM<br>169.47- 282.44 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM<br>282.45 – 423.67 | 34.91 euros | 26.18 euros | 26.18 euros | 17.45 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM<br>423.68 – 564.89 | 69.81 euros | 52.35 euros | 52.35 euros | 34.90 euros | 21.16 euros | 60 euros | 26.45 euros |
| Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM<br>564.90 – 706.12 | 112.13 euros | 84.09 euros | 84.09 euros | 56.06 euros | 21.16 euros | 60 euros | 37.02 euros |
| Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM<br>706.13 – 847.34 | 133.29 euros | 99.96 euros | 99.96 euros | 66.64 euros | 21.16 euros | 60 euros | 52.89 euros |
| Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM<br>847.35 – 1129.80 | 147.05 euros | 110.28 euros | 110.28 euros | 73.52 euros | 21.16 euros | 90 euros | 63.47 euros |
| Superiores ao 200% do IPREM<br>+ DE 1129.80 | 169.26 euros | 126.94 euros | 126.94 euros | 84.63 euros | 21.16 euros | 90 euros | 74.05 euros |
| | | | | | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DESCONTOS DA COTA<br>(Non acumulables entre sí) | | EXENCIÓNS DA COTA | SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA | |
|---|---|---|---|---|
| | | | *Situación* | *Período de suspensión* |
| *Familia numerosa* | *20%* | *Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola* | *Vacacións da nena/do neno* | *O mes de vacacións anual* |
| *Familia monoparental* | *20%* | *Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela* | *Escola pechada por máis de 15 días naturais* | *Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días.* |
| *Máis dunha/dun irmá/irmán na escola infantil (a partir da/do 2ª/2º* | *20%* | *Segundas/os fillas/os da unidade familiar:*<br><br>*Bonificación do 100% da cota da atención educativa* | *Falta de máis de 45 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cotas de atención educativa e de comedor* | *A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.* |
| *Ingreso despois do día 15 do mes* | *50% da cota* | | *Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor* | *A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.* |
| *Segundas/os fillas/os da unidade familiar* | *Bonificación do 100% da cota da atención educativa* | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Consta informe da Traballadora Social de data 25/08/2021 que propón a modificación da Ordenanza fiscal número 29, reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa"*

*Consta informe da Tesoureira municipal de data 21/09/2021 que propón o texto a incluir na modificación*

*Visto o informe de fiscalización da Intervención municipal de data 24/09/2021.*

*Visto o informe da Secretaria Xeral de data 27/09/2021.*

***PROPOÑO, para ser elevado á aprobación do Pleno da Corporación, o seguinte:***

***PRIMEIRO**. - Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal "Chalet Rosa", nos artigos 1, 6 e Disposición Final, que quedarán redactados como segue:*

***Artigo 1.- Fundamento legal.***

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontedeume establece a taxa pola prestación do servicio da escola infantil municipal "Chalet Rosa", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.*

***Artigo 6.- Base impoñible e cota tributaria***

*6.1. A base impoñible virá determinada pola renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:*

*a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:*

*I. Os/as filloas/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as país/nais, vivan independentes detes/as.*

*II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*III. Os/as fillos /as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.*

*A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.*

*b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.*

*c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.*

*d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.*

*6.2. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:*

***6.2.1. Prezo da atención educativa.***

*O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169.26 €*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente sobre este prezo apliaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.*

*Os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.*

*Todos/as os/as alumnos/as que teñan concedida unha praza na escola infantil deberán aboar unha matrícula anual dentro dos 10 días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de espera no taboleiro do Concello e da Escola infantil municipal.*

*O importe da matrícula variará en función da renda per cápita mensual da unidade familiar; segundo se recolle no cadro resumo de cotas que figura no anexo I. Este prezo será de 60 €/ano nos primeiros seis tramos da táboa (inferior ao 150% do IPREM) e de 90 €/ano nos dous últimos (igual ou superior ao 150% IPREM).*

*Ninguén estará exento do pagamento da matrícula.*

***6.2.2. Prezo por servizos complementarios.***

*a) Servizo de comedor*

*O prezo por este servizo fíxase en 74.05 € mensuais*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*No caso de nenas/nenos que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que, excepcionalmente, desexen utilízalo algún día solto, o prezo será de 4.23 €.*

*O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.*

*No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pago deste servizo coa cota do mes seguinte.*

***b) Horario ampliado.***

*Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.*

*O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado á usuaria ou usuario será de 21.16 €.*

*O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.*

***6.2.3. Aplicación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:***

*a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 0 €; sen servizo de comedor: 0 €.*

*b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 17.45 €; sen servizo de comedor: 0 €.*

*c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 52.36 €; sen servizo de comedor: 34.91 €.*

*d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por ento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 96.26 €; sen servizo de comedor: 69.81 €.*

*e) Rendas compredidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 149.15 €; sen servizo de comedor: 112.13 €.*

*f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 186.18 €; sen servizo de comedor: 133.29 €.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 210.52 €; sen servizo de comedor: 147.05 €.*

*h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM:*

*Prezo da praza con servizo de comedor: 243.31 €; sen servizo de comedor: 169.26 €.*

***6.2.4. Descontos.***

*A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no apartado anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:*

*a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.*

*b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.*

*c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.*

*Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*

*Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.*

*B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento*

*C) Bonificación do 100% da cota de atención educativa para segundos fillos/as e sucesivos da unidade familiar.*

*Aos efectos de aplicación desta bonificación, entenderanse incluídos no concepto de unidade familiar os fillos/as maiores de 18 anos que convivan no domicilio familiar.*

***6.2.5. Exencións de pagamento.***

*A) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.*

*B) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***6.2.6. Supensión temporal da cota***

*Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:*

*A) Durante o mes de vacacións da/do nena/neno*

*B) Cando o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.*

*Nestes dous casos, a suspensión realizarase de oficio.*

*C) Falta temporal de asistencia á escola infantil por motivos de saúde debidamente xustificados durante un período superior a 45 días continuados: deberá solicitarse expresamente e acreditar documentalmente as circunstancias que a motivan.*

*Artigo 8.- Liquidación, recadación e xestión*

*8.1. A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou, no seu caso, o concesionario do servicio. En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos.*

*8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes de vacacións do neno. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.*

*8.3. A non asistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón reducción ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.*

*Con carácter excepcional, poderá eximirse do pagamento da cota da atención educativa e do comedor a aquelas/aqueles usuarias/os que por motivos de saúde non poidan asistir ao centro durante un período superior a 45 días continuados.*

*Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual do comedor dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.*

*Estas mesmas condicións de duración da suspensión da cota do comedor e reincorporación, aplicaranse no caso especificado no parágrafo anterior a este con respecto á cota mensual pola atención educativa.*

*A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia*



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*da suspensión.*

*Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.*

*8.4. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen perxuízo da súa esixencia pola vía de apremio, orixinará a perda do dereito á praza.*

*8.5. Revisión da tarifa: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares. Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e dende a Administración poderase citalo en calquera momento para proceder á revisión da tarifa que ven aboando.*

***Disposición Final***

*Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Pontedeume, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

***Se añade Anexo 1***



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***ANEXO 1***

*CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS, COMEDOR E MATRÍCULA ANUAL, CURSO 2021-2022*

| Renta per cápita/mes | Xornada completa (8 horas) | Xornada de mañá (6 horas) | Xornada de tarde (6 horas) | Xornada de tarde (4 horas) | Horario ampliado (por hora, sen reducións) | Matrícula/ano | Comedor (4.23 € día solto, sen reducións) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Inferior ao 30% do IPREM<br>0 - 169.46 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 0 euros |
| Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM<br>169.47- 282.44 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM<br>282.45 – 423.67 | 34.91 euros | 26.18 euros | 26.18 euros | 17.45 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM<br>423.68 – 564.89 | 69.81 euros | 52.35 euros | 52.35 euros | 34.90 euros | 21.16 euros | 60 euros | 26.45 euros |
| Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM<br>564.90 – 706.12 | 112.13 euros | 84.09 euros | 84.09 euros | 56.06 euros | 21.16 euros | 60 euros | 37.02 euros |
| Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM<br>706.13 – 847.34 | 133.29 euros | 99.96 euros | 99.96 euros | 66.64 euros | 21.16 euros | 60 euros | 52.89 euros |
| Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM<br>847.35 – 1129.80 | 147.05 euros | 110.28 euros | 110.28 euros | 73.52 euros | 21.16 euros | 90 euros | 63.47 euros |
| Superiores ao 200% do IPREM<br>+ DE 1129.80 | 169.26 euros | 126.94 euros | 126.94 euros | 84.63 euros | 21.16 euros | 90 euros | 74.05 euros |
| | | | | | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DESCONTOS DA COTA (Non acumulables entre sí) | | EXENCIÓNS DA COTA | SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Situación | Período de suspensión |
| *Familia numerosa* | *20%* | *Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola* | *Vacacións da nena/do neno* | *O mes de vacacións anual* |
| *Familia monoparental* | *20%* | *Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela* | *Escola pechada por máis de 15 días naturais* | *Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días.* |
| *Máis dunha/dun irmá/irmán na escola infantil (a partir da/do 2ª/2º* | *20%* | *Segundas/os fillas/os da unidade familiar:*<br><br>*Bonificación do 100% da cota da atención educativa* | *Falta de máis de 45 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cotas de atención educativa e de comedor* | *A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.* |
| *Ingreso despois do día 15 do mes* | *50% da cota* | | *Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor* | *A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota.* |
| *Segundas/os fillas/os da unidade familiar* | *Bonificación do 100% da cota da atención educativa* | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO**.- Conformar o texto refundido da Ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal “Chalet Rosa”, logo de todas as modificacións sufridas pola presente ordenanza, do seguinte teor literal:*

***Artigo 1.- Fundamento legal.***

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontedeume establece a taxa pola prestación do servicio da escola infantil municipal "Chalet Rosa", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.*

***Artigo 2.- Feito impoñible***

*Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servicio da escola infantil municipal.*

***Artigo 3.- Suxeitos pasivos***

*Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servicio que constitúe o feito impoñible desta taxa.*

*Tendo en conta que os usuarios do servicio gravado por esta taxa son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, titores, ou calquera outro representante legal*

***Artigo 4.- Responsables***

*Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria*

***Artigo 5.- Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións***

Estas mesmas condicións de duración da suspensión da cota do comedor e reincorporación, aplicaranse no caso especificado no parágrafo anterior a este con respecto á cota mensual pola atención educativa.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

8.4. A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen perxuízo da súa esixencia pola vía de apremio, orixinará a perda do dereito á praza.

8.5. Revisión da tarifa: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares. Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e dende a Administración poderase citalo en calquera momento para proceder á revisión da tarifa que ven aboando.

**Artigo 9.- Infraccións e sancións**



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**Disposición Final**

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno do Concello de Pontedeume, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**ANEXO 1**

CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS DE USO, HORAS COMPLEMENTARIAS, COMEDOR E MATRÍCULA ANUAL, CURSO 2021-2022

| Renta per cápita/mes | Xornada completa (8 horas) | Xornada de mañá (6 horas) | Xornada de tarde (6 horas) | Xornada de tarde (4 horas) | Horario ampliado (por hora, sen reducións) | Matrícula/ano | Comedor (4.23 € día solto, sen reducións) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Inferior ao 30% do IPREM<br>0 - 169.46 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 0 euros |
| Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM<br>169.47- 282.44 | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM<br>282.45 – 423.67 | 34.91 euros | 26.18 euros | 26.18 euros | 17.45 euros | 21.16 euros | 60 euros | 17.45 euros |
| Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM<br>423.68 – 564.89 | 69.81 euros | 52.35 euros | 52.35 euros | 34.90 euros | 21.16 euros | 60 euros | 26.45 euros |
| Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM<br>564.90 – 706.12 | 112.13 euros | 84.09 euros | 84.09 euros | 56.06 euros | 21.16 euros | 60 euros | 37.02 euros |
| Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM<br>706.13 – 847.34 | 133.29 euros | 99.96 euros | 99.96 euros | 66.64 euros | 21.16 euros | 60 euros | 52.89 euros |
| Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM<br>847.35 – 1129.80 | 147.05 euros | 110.28 euros | 110.28 euros | 73.52 euros | 21.16 euros | 90 euros | 63.47 euros |
| Superiores ao 200% do IPREM<br>+ DE 1129.80 | 169.26 euros | 126.94 euros | 126.94 euros | 84.63 euros | 21.16 euros | 90 euros | 74.05 euros |
| | | | | | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| DESCONTOS DA COTA<br>(Non acumulables entre sí) | | EXENCIÓNS DA COTA | SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Situación | Período de suspensión |
| Familia numerosa | 20% | Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola | Vacacións da nena/do neno | O mes de vacacións anual |
| Familia monoparental | 20% | Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela | Escola pechada por máis de 15 días naturais | Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días. |
| Máis dunha/dun irmá/irmán na escola infantil (a partir da/do 2ª/2º | 20% | Segundas/os fillas/os da unidade familiar:<br><br>Bonificación do 100% da cota da atención educativa | Falta de máis de 45 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cotas de atención educativa e de comedor | A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota. |
| Ingreso despois do día 15 do mes | 50% da cota | | Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor | A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes, 50% da cota. |
| Segundas/os fillas/os da unidade familiar | Bonificación do 100% da cota da atención educativa | | | |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**TERCEIRO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *www.pontedeume.gal*

**CUARTO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**QUINTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**5.- ASUNTOS DE URXENCIA.**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA .**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA,** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente: 2021/A003/000035**
**2021/G006/000178**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA**

Logo de ver o proxecto de construción da obra Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña redactado por Miguel A. Fernández Rivera, presentado por rexistro de entrada núm. 202199900001612 o día 28/09/2021.

Logo de ver o informe de necesidade da alcaldía, asinado en data 28 de setembro de 2021, na que acredita razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

As obras incluídas neste proxecto, consisten na reposición do pavimento actual das zonas peonís, transformando parte da beirarrúa peonil da rúa Camiño Estreito en zona de aparcamento de vehículos. Mellorarase a rede de alumeado público e crearase unha rede de recollida de augas pluviais. Renovaranse as sinais de tráfico, colocaranse bancos, papeleiras e xardineiras e protectores para os colectores de superficie. Ademais, renovaranse as varandillas



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

existentes na Avenida da Coruña, unha delas para a contención de peóns e outra para evitar caídas en altura

Tendo en conta que o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 319.186,30€ (263.790,33 € de base e 55.395,97 de IVE)

Considerando que a Ordenanza Xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación Provincial da Coruña establece no artigo 16 que no caso de que unha entidade pública considere que un proxecto deba ser obxecto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando, entre outra documentación, certificado do acordo do Pleno da Corporación , no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial debendo facer constar no acordo o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiamento proposto.

Por todo o anterior e tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, en relación co artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello:

**PRIMEIRO.-** Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña polo seguinte importe para a execución do proxecto de Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña:

Financiamento do investimento:

| Denominación do investimento | Deputación | Deputación | Orzamento total | Coeficientes de financiación |
|---|---|---|---|---|
| Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña | 200.000,00€ | 119.186,30 € | 319.186,30 € | 62,66% |

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña, así como departamentos municipais afectados.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández,** explica que existen concesións de subvencións nominativas por parte da Deputación da Coruña aos distintos concellos, aclarando que ata agora as solicitudes facíanse directamente a través da Alcaldía, pero polos servizos técnicos da Deputación, decidiuse que se realizaran a través da Alcaldía, cunha proposta referendada polo Pleno. Así mesmo explica, que é unha subvención xa negociada coa Deputación Provincial, o proxecto consiste na humanización e rehabilitación das beirarrúas da marxe esquerda da Avda. da Coruña, dende o paso de peóns da Alameda ata o colexio de Atocha, e o mesmo na rúa Camiño Estreito, para unirse ca obra, que xa está aprobada, da rúa Firrete. Ademais instálanse novos elementos de mobiliario, etc. Finalmente comenta que na Avenida da Coruña, vaise establecer unha zona de estacionamento en formigón, separada da beirarrúa, e na rúa Camiño Estreito, amplíase unha beirarrúa e elimínase a que está contra o muro do asilo, suprímense barreiras arquitectónicas, renóvanse servizos, iluminación etc.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez**, pregunta se se vai facer máis pequena a beirarrúa máis ancha do Camiño Estreito.

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández**, explica que se elimina unha beirarrúa moi estreita do lado esquerdo do tramo que vai contra a muralla, polo tanto as prazas de estacionamento serían máis folgadas.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena,** pregunta se o asilo queda sen beirarrúa, responde o Sr. Bernardo Fernández que amplíase a beirarrúa da marxe esquerda, ata 1.80 m, e eliminaríase a do asilo, así a xente transitaría pola mesma beirarrúa en todo momento, pero o asilo seguiría tendo acceso peonil. Tamén pregunta o Sr. Luis Pena, por que o coeficiente de financiamento da Deputación é do 62,66%, responde o Sr. Bernardo Fernández que a Deputación financia como moito o 80 % das subvencións nominativas. O que se fixo foi negociar ca Deputación un importe, para ver canto poderían dar, neste caso chegou ata 200.000 €, que é unha das subvencións máis altas da provincia. Por último, o Sr. Luis Pena comenta que queda pouco elegante dicir que se vai transformar parte da beirarrúa peonil en zona de estacionamento de vehículos, tamén pensa que estas axudas nominativas dan lugar a unhas negociacións moi escuras, non queda claro quen se beneficia e quen non, estaría moito mellor que a Deputación fixera as axudas de forma competitiva.

**- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández**, chámalle a atención ese comentario pois o seu partido está cogobernando co PSOE na Deputación, e as subvencións nominativas as propoñen os dous grupos. Afirma que é verdade que noutras épocas, as nominativas impartíanse cun criterio moi partidista, na etapa de Diego Calvo o 98 % ían a concellos do Partido Popular. Neste caso non se fai así, ademais a Deputación creou un Plan Único que reparte mais ou menos 100.000.000 € ao ano, fronte o POS anterior que impartiu cerca de 30.000.000 €, no mellor dos casos. Tamén comenta que se refundiron todas as liñas de subvencións, incluso algunhas beneficiaban a grandes cidades, onde se reparten os fondos con criterios obxectivos. De seguido expón, que hai unha parte moi pequena do orzamento da Deputación, que dedícase a subvencións nominativas, na que ten que estar acreditado o interese provincial, establecendo unha serie de prioridades, pois os criterios obxectivos do POS non son perfectos, existindo por tanto elementos corretores para compensar aos concellos pequenos. Para acadar afirma que é un mecanismo contemplado na Lei, que establece que as subvencións nominativas poden darse, pero xustificando a urxencia das actuacións, que neste caso ven dada por un tema de accesibilidade, seguridade dos peóns e do tráfico

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, comenta que se o POS non ten uns criterios xustos, pode cambialos ano a ano, ou melloralos. Se nestes criterios obxectivos a máxima subvención vai ao concello de Culleredo, no que goberna o PSOE, e a segunda ao concello de Pontedeume, onde o seu Alcalde e o portavoz da Deputación, parécelle ben.

**- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández**, considera que o Sr. Luis Pena non entendeu ben as súas palabras, explica que as dúas subvencións máis grandes son para un concello onde goberna o PSOE (Culleredo) e outro onde goberna o BNG (Carballo). Tamén explica que os fondos non son ilimitados, o político ten que ter en conta onde é necesario investir, cun criterio non partidista, non dando por feito que as cousas sempre se fan mal, xente honesta e deshonesta hainas en todas as actividades. Finalmente comenta que neste caso, téntase facer un reparto onde entran tamén concellos do Partido Popular, pero nesta provincia son minoría, incluso hai concellos independentes como Oleiros e Narón.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, parécenlle máis xustas as subvencións competitivas, e considera difícil de entender que estamos a aprobar algo aquí, que xa está negociado.

**- Toma a palabra o Sr Bernardo Fernández,** comenta que para iso estase aquí, para negociar, é o seu traballo, negócianse os fondos antes das peticións.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña polo seguinte importe para a execución do proxecto de Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña:

Financiamento do investimento:

| Denominación do investimento | Deputación | Deputación | Orzamento total | Coeficientes de financiación |
|---|---|---|---|---|
| Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña | 200.000,00€ | 119.186,30 € | 319.186,30 € | 62,66% |

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña, así como departamentos municipais afectados.

## 6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN DEFENSA DUNHA MELLORA NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE INTERURBANO

Toma a palabra o concelleiro do PSdG-PSOE. D José Simoes Couceiro, para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE., que se transcribe a continuación:

### MOCIÓN

O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontedeume de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **Moción en defensa dunha mellora na prestación do servizo de transporte interurbano.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de Xaneiro, co cambio da empresa prestataria do servizo de transporte interurbano de viaxeiros que transcorre pola nosa Vila, e une Pontedeume co resto de municipios, estamos a recibir innumerables queixas por parte das veciñas e veciños en canto ao incumprimento dos horarios ou a supresión de paradas sen previo aviso.

As primeiras queixas viñeron por parte do alumnado de bacharelato que a partir da prestación do servizo pola UTE HÉRCULES NORTE, contratada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, deixaron de dispoñer de transporte os martes pola tarde para acudir ao seu centro escolar na liña que transcorre por Boebre.

Así mesmo, comezamos a recibir tamén queixas de usuarios habituais na liña Ferrol-Coruña ou Monfero-Pontedeume por incumprimento dos horarios.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ante esta situaci6n puxémonos en contacto coa Consellería de Mobilidade e concertamos unha reunión coa Xefatura Territorial onde se nos asegurou que se trataba de axustes no comezo da prestación do servizo que se irían solventando nos seguintes días.

Pola nosa banda, para comprobar que ese servizo non se estaba a prestar como esta establecido por contrato, solicitamos informes a policía local que así o puido acreditar despois de facer varias comprobacións en días alternos en diferentes paradas. Como vimos lendo na prensa nos últimos meses, esta non é unha situación que afecte so a Pontedeume senón que a prestación deste servizo por parte da empresa contratada a través da Consellería de Mobilidade ven incumprindo o seu contrato en reiteradas ocasións nos diferentes municipios onde presta o servizo (Ares, Ferrol, Fene, Betanzos...), coas consecuentes queixas de usuarios e Concellos.

O transporte público é fundamental na nosa bisbarra para unir municipios e dar aceso a servizos básicos a cidadanía que non dispón de vehículo propio, tales como acudir ao medico, a compra, etc. E ademais un medio de transporte que debemos de poñer en valor co obxectivo de reducir considerablemente as emisións contaminantes que poñen en perigo a nosa saúde e o ecosistema.

Por iso debemos esixir o cumprimento dos horarios para que a xente poida utilizalo con frecuencia e a diario con seguridade. Debemos esixir que esta mala xestión do servizo non sexa a escusa para recortar unha vez mais os servizos públicos, reducindo liñas e paradas.

Asi mesmo, coa implantación das liñas integradas no servizo de transporte que empregan alumnado e pasaxeiros non estudantes, estase a esixir o pago ao alumnado de bacharelato dos viaxes realizados para acudir ao seu centro escolar. Entendemos que o acceso a educación das /dos menores, e a alumnado de bacharelato a é, debe ser gratuíto e non se Ile deben por trabas económicas que condicionen a posibilidade de continuar cos seus estudos.

**POR TOGO O EXPOSTO ANTERIORMENTE, ESTE GRUPO MUNICIPAL SOLICITA PROPÓN:**

1°.- Esixir a Xunta de Galicia o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano tal coma establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestucturas e Mobilidade.

2°.- A non redución de paradas e liñas, máis ao contrario, o aumento da frecuencia que favoreza e incentive o uso deste transporte público.

3°.- A gratuidade do uso por parte do alumnado do IES Breamo que cursa bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar.

A concelleira Dª. Manuela García Fachal abandona a sesión ás 12:48 h.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez**, comenta que están de acordo coa Moción, afirma que a Xunta está facendo un seguimento, sobre todo no tema do horario, discrepan no punto tres, queren a súa retirada, pois xa existe a tarxeta Xente Nova, que e de balde ata os 21 anos.

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**-Toma a palabra o Sr. José Simoes,** explica que nesta tarxeta hai que adiantar os cartos, só permite 60 viaxes.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** comenta que é verdade o que di o Sr. Santiago José Rodríguez, pero un alumno que vai todos os días ao centro educativo, ten que gastar mínimo 40 viaxes na ruta escolar, e o dereito á educación ten que ser de balde, ademais ten un custe de emisión de 2 euros, e un ingreso mínimo de 5 €. Piden que se faga como o ano pasado, onde os alumnos de Bacharelato podían utilizar o transporte escolar da Consellería de Educación, no que ían os rapaces da ESO, sempre que houbera prazas; e sempre había.

**- Toma a palabra o Sr. Luis Angel Díaz,** explica que a tarxeta págase por emisión só a primeira vez, si é verdade que se ten que adiantar diñeiro, pero o día cinco e quince de cada mes devolven os cartos investidos, tampouco implica ter unha conta bancaria en ningún lado. Están de acordo coa Moción, pero co punto da Tarxeta Nova non.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** afirma que adiantar diñeiro supón un esforzo grande, pensamos que na educación pública ten que fomentarse a gratuidade dos traxectos escolares.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a Moción, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre; e **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

1°.- Esixir a Xunta de Galicia o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano tal coma establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestucturas e Mobilidade.

2°.- A non redución de paradas e liñas, máis ao contrario, o aumento da frecuencia que favoreza e incentive o uso deste transporte público.

3°.- A gratuidade do uso por parte do alumnado do IES Breamo que cursa bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar.

## 7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE AS NECESIDADES E CARENCIAS DOS CENTROS ESCOLARES DO MUNICIPIO DE PONTEDEUME

Toma a palabra a concelleira do PSdG-PSOE. Dª. Alejandra Bellón, para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE., que se transcribe a continuación:

A pandemia que dende os primeiros meses do 2020 condiciona as nosas vidas e de forma directa tamén o sistema educativo, puxo en evidencia as carencias da escola pública, xa mermada de recursos dende hai tempo por causa das políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia, e esta situación excepcional revelou de forma evidente a necesidade dun



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

incremento de recursos económicos e humanos para garantir o dereito fundamental e habilitador que é a Educación.

Así o afirma tamén a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible que chama a garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e a promover o aprendizaxe independentemente da súa condición socioeconómica.

Si ben a lexislación que rixe as competencias das distintas administracións apenas atribúen aos municipios as obrigas de vixilancia da escolarización, a cooperación na procura de solares para a construción de novos centros e o mantemento e conservación dos CEI P e Educación Especial, o compromiso dos gobernos locais ca educación é incuestionable.

Deste xeito, dende o comezo da crise sanitaria, os Concellos vimos asumindo como propias, con cargo as arcas municipais, competencias que deberían ser asumidas pola administración autonómica, tal como a desinfección dos centros durante a xornada lectiva, por tratarse dunha tarefa de prevención estritamente sanitaria e non de mantemento e limpeza como establece a lei.

Colaboramos en todo momento cos centros escolares do municipio para a organización das entradas e saídas diversificadas que establece o protocolo, habilitando espazos de acceso no que os distintos grupos burbulla non coincidisen ( lembremos que a petición de adecuación á normativa vixente da rampla de aceso do Couceiro Freijomil foi rexeitada pola Consellería) e mesmo aportando elementos de barreira para a división das zonas de recreo segundo os grupos.

Experimentamos un aumento importante no gasto destinado a consumibles hixiénicos derivado da necesidade de limpeza de mans continuo así como asumimos as desinfeccións especiais das aulas naqueles casos no que o número de alumnos positivos en Covid 19 era elevado.

Todo apunta a que este será outro interno de frío nas aulas das nosas escolas, xa que a necesidade de ventilación e a falta de inversión por parte da Consellería de elementos purificadores que permitan minimizar a apertura das fiestras para renovar o aire das aulas, levaranos polo tanto outro inverno máis a empregar roupa de abrigo e incluso mantas durante a xornada lectiva.

Entendemos que a pandemia debe servir para damos conta da importancia da educación pública e das súas necesidades. Non é de recibo que os cursos escolares máis duros das últimas décadas rematen cunha inversión ínfima por parte da Administración competente mentres todo o gasto derivado das medidas extraordinarias recae nas administracións locais. O reforzo de profesorado necesario o pasado ano por mor dos desdobres a consecuencia da baixada das rateos debe ser a tónica xeral nos vindeiros anos.

Non así os recortes que co aumento da ratio no presente curso e a relaxación das medidas anti Covid estamos a ver, tal como acontece no CEIP Andrade onde carecen dun profesor/a de reforzo en infantil cando unha das titoras deste ciclo ten que asumir ademais as tarefas do equipo directivo do centro, petición que xa foi rexeitada en dúas ocasións por parte da Consellería de Education.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tamén no caso CEIP Couceiro Freijomil estamos a ver recortes , xa que o ano pasado, en plena pandemia e por primeira vez en máis de 20 anos que teñen concedido por catálogo dúas prazas de Lingua estranxeira ( Inglés), a administración educativa estableceu que a segunda praza itinerase entre o Couceiro Freijomil, Coirós e a escola unitaria de Ombre, mermando así o traballo deste profesorado no centro, tendo que impartir clases en diferentes escolas e areas sanitarias, coa perigosidade que supón esta situación sobre todo en época de pandemia. Situación que se volve a repetir este ano e que non debería continuar por máis tempo.

Do mesmo xeito, a pandemia non pode ser a escusa para recortar dereitos e servizos tales como a ESA (Educación Secundaria para Adultos) que se viña levando a cabo dende hai anos no IES Breamo e que o ano pasado eliminouse da nosa vila e trasladouse a Ferrol, co gallo da Pandemia, pero que este ano non foi autorizado a realizarse novamente en Pontedeume por parte da Consellería.

No pasado ano fomos tamén conscientes da necesidade de espazos abertos e ao mesmo tempo cubertos para permitir uns recreos ao aire libre pero no que o alumnado non se molle xa que a choiva é o habitual durante a meirande parte do curso, uns espazos dos que carecen totalmente algúns centros tales como o CEIP Andrade ou o CEIP Ombre.

Estamos a vivir unha época difícil na que todos os recursos deben poñerse a disposición dos máis vulnerables, por iso queremos poñer tamén de manifesto a situación do transporte escolar que ata o de agora permitía ao alumnado de bacharelato o use gratuíto sempre que houbera praza no transporte escolar de ensinanza obrigatoria e dende este ano, ao pasar a ser integrado, obriga ao pago do servizo.

Entendemos que esta medida non fai máis que aumentar a fenda económica que limita o acceso a unha educación superior a aqueles con máis recursos económicos, xa que a alternativa proposta pola consellería de mobilidade é a de adquirir a tarxeta Xente Nova, que sendo de carácter gratuíto a súa adquisición, leva implícito o condicionante de ter unha conta bancaria nunha determinada entidade e o pago por adiantado das viaxes que serán devoltas ao mes seguinte.

**POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, ESTA CORPORACIÓN LOCAL INSTA A XUNTA DE GALICIA A:**

1º.- Incrementar os recursos económicos nos centros educativos co fin de que o alumnado poida dispor dunhas instalacións onde desenvolver a súa vida escolar con normalidade a pesar da pandemia.

2°.- Asumir as tarefas de desinfección e achega de purificadores de aire que eviten as baixas temperaturas nas aulas nos meses de inverno.

3°.- Dotar aos centros do municipio do material necesario para o cumprimento do protocolo covid tales como elementos separadores que delimiten as zonas de xogo no patio dos grupos burbulla.

4°.- Aportar o profesorado de apoio solicitado polos centros tal como acontece no caso do CEIP Andrade e o CEIP Couceiro Freijomil a maior brevidade posible.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5º.- Restaurar a ESA (Educación Secundaria para Adultos) no IES Breamo, xa que a obtención do graduado en ESO é necesaria actualmente para calquera posto de traballo e deste xeito estase a limitar as posibilidades de aceso a formación e ao mundo laboral dun grupo importante de habitantes do noso municipio.

6°.- Manter, como se viña facendo ata agora, a gratuidade do transporte escolar para o alumnado de Bacharelato por ser esta decisión tomada pola Consellería unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno (ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito a non discriminación ao desenvolvemento vital , a educación e a protección.

7°.- A adecuación a normativa actual da rampla de aceso do CEIP Couceiro Freijomil pola Avda. Ferrol para facilitar a entrada e desconxestión da entrada do peirao.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra a Sr. Santiago José Rodríguez,** comenta en referencia o punto primeiro, que houbo partidas únicas para paliar certas cuestións. En canto aos purificadores, tanto o Ministerio, coma a Consellería de Sanidade o que aconsellan é a ventilación, se dende a Consellería de Educación trasladan a petición de purificadores, non terían problema en subministralos. Referente á delimitación das zonas de xogo, estas pódense delimitar pintando no chan, ou ben cunhas cintas, non existe ningún centro con separadores específicos. Contesta tamén ao punto cuarto, dicindo que dende o CEIP de Andrade trasládanlle que cando son menos de 45 alumnos, non mandan profesor de apoio, e este centro non cumpre ese ratio, Doutro xeito, segundo trasládanlle do centro Couceiro Freijomil, a vacante xa está cuberta. No punto cinco, restaurar a ESA no IES Breamo, afirma que é necesario cumprir o requisito dun mínimo de alumnos, e como non hai demanda, por iso quitárono.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** responde ao comentario feito do punto cinco, polo Sr. Santiago José Rodríguez, negando a súa veracidade e afirmando que hai un número mínimo de alumnos, que son 12, pero se inspección autoriza, con 8 poderíase facer. En canto ao centro de Andrade, di que foi o inspector quen solicitou en dous ocasións o profesor de apoio, que foi denegado pola Consellería.

**- Toma a palabra a Sr. Santiago José Rodríguez,** en referencia ao punto sétimo, afirma que a mellor maneira de desconxestionar a obra do Peirao, é rematándoa dunha vez. De seguido comenta que o Couceiro Freijomil recibiu 9.000 € para facer unha entrada lateral, abaixo no peirao.

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández,** valora esa achega e así trasladouno a Consellería, pero tamén afirma, que os accesos ao centro dificultáronse moito, pois non se pode utilizar a rampla, por iso solicítase que se adapte, e agora que está comezando o curso é o momento.

**- Toma a palabra a Sr. Santiago José Rodríguez,** afirma que na Consellería non teñen esa petición de usar a rampla por parte do Couceiro Freijomil. Por outra banda, pide que se estude un acceso de discapacitados ao pavillón.

**- Toma a palabra a Sr. Luis Pena,** parécelle ben a exposición de motivos, pero afirma que falta a responsabilidade, que é do Concello, relativa as entradas e saídas do Couceiro Freijomil. De seguido comenta, que omítense as obras necesarias no IES de Breamo, e tamén son visibles os problemas da fachada, polo tanto debe engadirse as necesarias obras para incluír a 150 alumnos máis, e reparar a fachada.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández,** mostra unhas fotografías, e afirma que as obras xa están feitas.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** reafírmase no dito polo Sr. Alcalde.

**- Toma a palabra a Sr. Luis Pena,** alégranse de que as obras xa estean rematadas, e solicitan a inclusión dun punto onde diga que se axilicen e rematen as obras, pois teñen consecuencias para a saúde, e minguan en gran medida o patio que teñen dispoñible os rapaces para o seu lecer.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** en contestación ao comentario do Sr. Luis Pena referente a que as obras minguan o espazo do patio que teñen dispoñible os rapaces para o seu lecer, responde que estase a facer un acceso para ampliar o patio, cun espacio dispoñible do instituto contiguo.

**- Toma a palabra a Sr. Luis Pena**, quere que se engada un punto número oito, o cal quedaría desta maneira: "*que se realicen as obras necesarias para reparar a fachada do IES Breamo"*

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández,** parécelle ben a súa inclusión.

**- Toma a palabra a Sra. Alejandra Bellón,** referente aos accesos ao Couceiro Freijomil, parécelle estrano que diga que o Concello non fixera nada ao respecto, pois está todos os días verificando que funcionen correctamente, ademais para que os accesos sexan seguros, tivéronse moitas reunións durante todo o curso pasado, de seguido comenta que é verdade que falta que remate a obra do Peirao, pero iso non depende do Concello.

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández,** aclara que o punto oitavo quedaría deste xeito: *"solicitar a pronta finalización dos traballos de reparación da fachada do IES Breamo, a fin de garantir a seguridade de alumnado e persoal docente".*

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a Moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre; e **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

1º.- Incrementar os recursos económicos nos centros educativos co fin de que o alumnado poida dispor dunhas instalacións onde desenvolver a súa vida escolar con normalidade a pesar da pandemia.

2°.- Asumir as tarefas de desinfección e achega de purificadores de aire que eviten as baixas temperaturas nas aulas nos meses de inverno.

3°.- Dotar aos centros do municipio do material necesario para o cumprimento do protocolo covid tales como elementos separadores que delimiten as zonas de xogo no patio dos grupos burbulla.

4°.- Aportar o profesorado de apoio solicitado polos centros tal como acontece no caso do CEIP Andrade e o CEIP Couceiro Freijomil a maior brevidade posible.

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5º.- Restaurar a ESA (Educación Secundaria para Adultos) no IES Breamo, xa que a obtención do graduado en ESO é necesaria actualmente para calquera posto de traballo e deste xeito estase a limitar as posibilidades de aceso a formación e ao mundo laboral dun grupo importante de habitantes do noso municipio.

6°.- Manter, como se viña facendo ata agora, a gratuidade do transporte escolar para o alumnado de Bacharelato por ser esta decisión tomada pola Consellería unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno (ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito a non discriminación ao desenvolvemento vital , a educación e a protección.

7°.- A adecuación a normativa actual da rampla de aceso do CEIP Couceiro Freijomil pola Avda. Ferrol para facilitar a entrada e desconxestión da entrada do peirao.

8º.- Solicitar a pronta finalización dos traballos de reparación da fachada do IES Breamo, a fin de garantir a seguridade de alumnado e persoal docente

## 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA

***"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.***
***SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/09/2021***

*(Expediente TEDeC: 2021/G006/000172)*

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **443.2021** de 19 de xullo ao **572.2021** de 22 de setembro de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:*

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2021/G003/000465 | CAMBIO DE IMPUTACIÓN FACTURAS DE COMPRA DE LIBROS PARA A BIBLIOTECA | 000443/2021 | 19-07-2021 09:54 |
| 2021/G003/000483 | REMISION DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO, EMPRAZAMENTOS, CONSTITUCIÓN EN PARTE E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000076/2021 …….. CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (Expediente: 2020/P001/000026) | 000444/2021 | 19-07-2021 09:54 |
| 2021/G003/000485 | EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "REFORMA DA ESCOLA DE CAMPOLONGO (POS+ ADICIONAL 2019)" | 000445/2021 | 19-07-2021 13:45 |
| 2021/G003/000486 | PERSOAL-APROL RURAL 2021 | 000446/2021 | 19-07-2021 17:25 |



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000487* | *PERSOAL-APROL RURAL 2021* | *000447/2021* | *20-07-2021 14:14* |
| *2021/G003/000490* | *Sesión Ordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno do 26/07/2021* | *000448/2021* | *21-07-2021 14:27* |
| *2021/G003/000494* | *Sesión Ordinaria  Xunta de Goberno Local 23-07-2021* | *000449/2021* | *22-07-2021 12:08* |
| *2021/G003/000492* | *Aprobación segundo listado de baixas de persoas participantes no Campamento Urbano Rueiras/Rueiros de verán 2021* | *000450/2021* | *22-07-2021 13:49* |
| *2021/G003/000488* | *RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS  DO DECRETO 317/2021 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARAA CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS RESPONSABLES DE SISTEMAS DE ABASTECEMENTO Á POBOACIÓN PARA A REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA ANTE SITUACIÓNS DE SECA PARA O ANO 2021  . EXPTE 2021/G003/000342* | *000451/2021* | *22-07-2021 13:55* |
| *2021/G003/000474* | *XUSTIFICACIÓN TÉCNICO CEMIT 2º TRIMESTRE 2021* | *000452/2021* | *23-07-2021 10:51* |
| *2021/G003/000439* | *NOMEAMENTOS SECRETARÍA  ACCIDENTAL MESES XULLO E AGOSTO DE 2021.* | *000453/2021* | *23-07-2021 10:57* |
| *2021/G003/000495* | *RETIRADA E BAIXA DO VEHÍCULO NISSAN KUBISTAR MATRÍCULA 4010 CXZ, PROPIEDADE DO CONCELLO* | *000454/2021* | *23-07-2021 11:37* |
| *2021/G003/000496* | *RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS  DO DECRETO 277/2021 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN  APROL RURAL 2021. EXPTE 2021/G003/000294* | *000455/2021* | *23-07-2021 11:37* |
| *2020/G003/000498* | *Decreto Resolución subvención nominativa 2018 entidade Asociación de Veciños de Ombre.* | *000456/2021* | *23-07-2021 11:37* |
| *2021/G003/000450* | *APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 A Nº 5 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -CAMIÑO NA HERBOSA (BOEBRE) E CAMIÑO NA GRAÑA. POS+/2019.* | *000457/2021* | *23-07-2021 11:37* |
| *2021/G003/000484* | *PROCEDEMENTO ABREVIADO 124/2021, ….  RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.* | *000458/2021* | *23-07-2021 11:37* |
| *2021/G003/000427* | *ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)" PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021- 2022 (MR701E) (AGADER 2021)* | *000459/2021* | *23-07-2021 13:16* |



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000262* | *ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PARA O IMPULSO DA COMPOSTAXE DOMICILIARIA A DESENVOLVER EN 100 VIVENDAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Proxecto subvencionado ao abeiro das axudas destinadas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. FEDER 2014-2020) (Expediente: 2021/C002/000008)* | *000460/2021* | *23-07-2021 13:16* |
| *2021/G003/000499* | *CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/07/2021* | *000461/2021* | *26-07-2021 11:46* |
| *2021/G003/000497* | *PERSOAL-NOMEAMENTO AUXILIARES POLICÍA LOCAL.* | *000462/2021* | *26-07-2021 12:21* |
| *2021/G003/000462* | *CAMBIO TITULARIDADE BAR LA ESQUINA, E ALTA BAIXA LIQUIDACIÓN OVP MESAS E CADEIROS* | *000463/2021* | *26-07-2021 14:42* |
| *2021/G003/000500* | *MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 11. CULTURA NO CAMIÑO.-* | *000464/2021* | *26-07-2021 14:10* |
| *2021/G003/000502* | *MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 18, XERACIÓN DE CRÉDITO 12. PERCEPTORES RISGA.-* | *000465/2021* | *27-07-2021 12:48* |
| *2021/G003/000504* | *PERSONAL-NOMEAMENTO TÉCNICA TURISMO.* | *000466/2021* | *27-07-2021 12:37* |
| *2021/G003/000493* | *PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES XULLO 2021.* | *000467/2021* | *27-07-2021 12:51* |
| *2021/G003/000501* | *PERSOAL-RESOLUCIÓN PAGO NÓMINA MES XULLO 2021.* | *000468/2021* | *27-07-2021 12:51* |
| *2021/G003/000503* | *PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2021.* | *000469/2021* | *27-07-2021 14:10* |
| *2021/G003/000505* | *PERSOAL-COMISIÓN SERVICIOS POLICIA LOCAL* | *000470/2021* | *27-07-2021 22:41* |
| *2021/G003/000506* | *MODIFICACION DE CREDITO 19. XERACION DE CREDITO 13. PACTO ALCALDES PARA O CLIMA.-* | *000471/2021* | *28-07-2021 13:22* |
| *2021/G003/000498* | *ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Expediente: 2021/C002/000026)* | *000472/2021* | *28-07-2021 22:57* |
| *2021/G003/000422* | *TESOURERIA- PADRON POSTOS MERCADO 1º SEMESTRE 2021* | *000473/2021* | *28-07-2021 22:57* |




CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2021/G003/000508 | RELACIÓN DE FACTURAS RECOÑ. EXTR. CRÉDITO F/2021/13 E F/2021/14 | 000474/2021 | 29-07-2021 14:20 |
| 2021/G003/000509 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 459/2021 DE 23/07/2021 DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)" PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021- 2022 (MR701E) (AGADER 2021), NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Á ADXUDICATARIA. | 000475/2021 | 29-07-2021 14:20 |
| 2021/G003/000511 | NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL | 000476/2021 | 29-07-2021 14:19 |
| 2021/G003/000514 | MODIFICACION DE CREDITOS Nº 14, TRANSFERENCIA DE CREDITO Nº 3 | 000477/2021 | 30-07-2021 12:41 |
| 2021/G003/000515 | DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL ENTRE Dª. ... E Dª. … NA CONCELLEIRA Dª. ROCÍO SOUTO TORRE | 000478/2021 | 03-08-2021 21:52 |
| 2021/G003/000516 | Comunicación Previa de Obra a nombre de TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. | 000479/2021 | 05-08-2021 14:47 |
| 2021/G003/000517 | Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con dificultades de mobilidade por caducidade | 000480/2021 | 05-08-2021 14:47 |
| 2021/G003/000518 | Aprobación do calendario-axenda do Servizo Municipal de Madrugadoras/Madrugadores curso 2021/2022 | 000481/2021 | 06-08-2021 12:52 |
| 2021/G003/000519 | PERSOAL-NOMEAMENTO OFICIAL-XEFE POLICÍA LOCAL, CON CARÁCTER ACCIDENTAL DE ... | 000482/2021 | 06-08-2021 12:52 |
| 2021/G003/000520 | DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023 | 000483/2021 | 06-08-2021 14:06 |
| 2021/G003/000524 | RESPONSABILIADE PATRIMONIAL | 000484/2021 | 09-08-2021 10:33 |
| 2021/G003/000528 | DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023 | 000485/2021 | 09-08-2021 13:27 |
| 2021/G003/000522 | PERSOAL-NOMEAMENTO CONTRATACIÓN LABORAL SUBSTITUCIÓN Mª ESTHER ALLEGUE CURBEIRA. | 000486/2021 | 10-08-2021 10:34 |
| 2021/G003/000535 | Convocatoria da sesión ordinaria da XGL de data 12-08-2021 | 000487/2021 | 11-08-2021 12:37 |
| 2021/G003/000537 | RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL | 000488/2021 | 11-08-2021 14:35 |




CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000527* | *Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia* | *000489/2021* | *11-08-2021 14:36* |
| *2021/G003/000525* | *SOLICITUDE SERVIZO DE SAF DE JMPV CON DNI 76373787X* | *000490/2021* | *11-08-2021 14:36* |
| *2021/G003/000538* | *PERSOAL-AMPLIACIÓN NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCTAL. JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ.* | *000491/2021* | *12-08-2021 18:27* |
| *2021/G003/000529* | *TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 2T2021* | *000492/2021* | *12-08-2021 18:28* |
| *2021/G003/000530* | *TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 2T2021* | *000493/2021* | *12-08-2021 18:29* |
| *2021/G003/000531* | *RENUNCIA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.* | *000494/2021* | *13-08-2021 10:14* |
| *2021/G003/000536* | *RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. GES SEGUROS.* | *000495/2021* | *13-08-2021 10:23* |
| *2021/G003/000534* | *DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS A ... (EXPEDIENTE 2021/X998/000027)* | *000496/2021* | *13-08-2021 10:24* |
| *2021/G003/000510* | *DE INCOACIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN DEL CONTRATO "ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME. FASE " (IDAE 2020) (Expediente: 2021/C005/000001)* | *000497/2021* | *13-08-2021 12:46* |
| *2021/G003/000540* | *LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDAS/OS, AS RESERVAS DE PRAZA DE ALUMNAS/OS DE ANOS ANTERIORES E LISTAS DE ESPERA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) CHALÉ ROSA DE PONTEDEUME, CURSO 2021/2022.* | *000498/2021* | *16-08-2021 10:23* |
| *2021/G003/000549* | *SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE* | *000499/2021* | *17-08-2021 14:31* |
| *2021/G003/000548* | *CANCELACION CONTA BBVA* | *000500/2021* | *18-08-2021 19:13* |
| *2021/G003/000550* | *PERSONAL-MODELO 111, IRPF XULLO 2021* | *000501/2021* | *18-08-2021 19:14* |
| *2021/G003/000546* | *Conta xustificativa axudas de emerxencia social municipal* | *000502/2021* | *19-08-2021 10:56* |



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2021/G003/000554 | RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS SOLICITUDES PRESENTADAS Ó ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIA ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2021-2022, SEGUNDO CICLO EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO DO CONCELLO DE PONTEDEUME. | 000503/2021 | 20-08-2021 09:51 |
| 2021/G003/000547 | ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019) | 000504/2021 | 20-08-2021 13:28 |
| 2021/G003/000558 | BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS. | 000505/2021 | 23-08-2021 16:37 |
| 2021/G003/000556 | PERSONAL-PROCESO SELECCIÓN TÉCNICO/A DE TURISMO 2021 | 000506/2021 | 23-08-2021 16:37 |
| 2021/G003/000545 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA | 000507/2021 | 24-08-2021 13:00 |
| 2021/G003/000551 | APROBACIÓN PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE XULLO 2021 | 000508/2021 | 24-08-2021 13:00 |
| 2021/G003/000565 | Sesión ordinaria da Xunta de Goberno local de data 26-08-2021 | 000509/2021 | 25-08-2021 14:30 |
| 2021/G003/000566 | EXPEDIENTE DE NOMEACIÓN DO XURADO PARA O VII CERTAME DE TEATRO AFECIONADO PONTEDEUME EN OBRAS 2021 | 000510/2021 | 25-08-2021 14:30 |
| 2021/G003/000562 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20, XERACIÓN NÚMERO 14 E TRANSFERENCIA NÚMERO 5. POS+ADICIONAL 2/2021.- | 000511/2021 | 25-08-2021 13:19 |
| 2021/G003/000561 | PERSONAL-Devolución importe nómina percibida indebidamente pola traballadora dona M E A C. | 000512/2021 | 25-08-2021 13:19 |
| 2021/G003/000564 | PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES AGOSTO 2021. | 000513/2021 | 26-08-2021 11:15 |
| 2021/G003/000543 | PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES AGOSTO 2021. | 000514/2021 | 26-08-2021 10:29 |
| 2019/G003/000880 | TESOURERÍA-APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS POR LICENZAS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO DE VENDA AMBULANTE, ANO 2018. | 000515/2021 | 26-08-2021 14:06 |



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000567* | *DECRETO ACTUAIZACIÓN LISTAXES EDM VERÁN 2021* | *000516/2021* | *26-08-2021 14:05* |
| *2021/G003/000568* | *PERSONAL.- SEGUROS SOCIAIS XULLO 2021* | *000517/2021* | *27-08-2021 10:06* |
| *2021/G003/000574* | *PERSONAL: CONTRATACIÓN INTERINIDADE SUBSTITUCIÓN DON RAIMUNDO GONZÁLEZ CABANA* | *000518/2021* | *30-08-2021 14:20* |
| *2021/G003/000570* | *RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/15* | *000519/2021* | *30-08-2021 14:16* |
| *2021/G003/000560* | *APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)" PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021- 2022 (MR701E) (AGADER 2021) (Expediente: 2021/C002/000009)* | *000520/2021* | *30-08-2021 14:16* |
| *2021/G003/000578* | *LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.-* | *000521/2021* | *01-09-2021 14:11* |
| *2021/G003/000444* | *DESISTIMENTO CONTRATO PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN RÚA RIO EUME E PR ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO (POS + ADICIONAL 2018)* | *000522/2021* | *01-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000580* | *PERSOAL-NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL* | *000523/2021* | *01-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000559* | *RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.* | *000524/2021* | *01-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000523* | *RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.* | *000525/2021* | *01-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000576* | *RECTIFICACIÓN DE ERROS DO DECRETO 213/2019 DE 11/04/2019 DE INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ ADICIONAL 2017). EXPTE 2018/C003/000002* | *000526/2021* | *01-09-2021 16:23* |
| *2021/G003/000579* | *PERSOAL-OFERTA DE EMPREGO PUBLICO PARA O EXERCICIO 2021* | *000527/2021* | *02-09-2021 10:36* |
| *2021/G003/000563* | *INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE "VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLAS PERSOAS PRODUTORAS Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL EMPRAZADAS NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL. APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES POR PARTE DAS INTERESADAS.* | *000528/2021* | *02-09-2021 10:35* |

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2021/G003/000587 | PERSOAL-PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN POLCIIA LOCAL CONCELLO DE PONTEDEUME E CONCELLO DE CAMBRE,2021. | 000529/2021 | 03-09-2021 13:48 |
| 2021/G003/000555 | ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIRECCIÓN DE OBRA EN VARIAS ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Expediente: 2021/C002/000014) | 000530/2021 | 06-09-2021 19:46 |
| 2021/G003/000590 | APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A ENTIDADE COMISIÓN DE FESTAS DAS PERAS 2021; APROBACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DO 80%. | 000531/2021 | 06-09-2021 19:44 |
| 2021/G003/000588 | PERSOAL-OFERTA DE EMPREGO PUBLICO PARA O EXERCICIO 2021 | 000532/2021 | 06-09-2021 19:44 |
| 2021/G003/000573 | AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL | 000533/2021 | 06-09-2021 19:44 |
| 2021/G003/000589 | SOLICITUDE DE RENOVACION POR DETERIORO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE | 000534/2021 | 06-09-2021 19:44 |
| 2021/G003/000591 | RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/16 | 000535/2021 | 07-09-2021 10:41 |
| 2021/G003/000595 | CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOC AL DE 09/09/2021 | 000536/2021 | 07-09-2021 12:20 |
| 2021/G003/000592 | Aprobación da listaxe de participantes no servizo de concilliación municipal "Madrugadoras/Madrugadores" curso 2021/2022 | 000537/2021 | 07-09-2021 12:20 |
| 2021/G003/000596 | CONCESIÓN DE LICENZA DE ACTIVIDADE PARA A REALIZACIÓN DA FESTAS DAS PERAS 2021 | 000538/2021 | 07-09-2021 13:45 |
| 2021/G003/000598 | MOBILIDADE FUNCIONAL EXTRAORDINARIA PARA A COBERTURA DO POSTO DE CONDUTOR DO CAMIÓN DO LIXO | 000539/2021 | 07-09-2021 13:54 |
| 2021/G003/000594 | DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL ENTRE D. ... E Dª ..NO CONCELLEIRO D. LUIS PENA MOSQUERA | 000540/2021 | 09-09-2021 11:45 |
| 2021/G003/000585 | RESOLUCIÓNS DE DIFERENCIA DE VALORACIÓN EN PROCEDEMENTO EXPROPIATORIO DA OBRA DE TRAVESIA E SEGURIDADE VIAL NA DP 4803 | 000541/2021 | 09-09-2021 11:45 |
| 2021/G003/000557 | ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)" PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021- 2022 (MR701E) (AGADER 2021) | 000542/2021 | 09-09-2021 11:45 |




CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2021/G003/000577 | ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DAS ACTUACIÓNS: "REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO" (POS + 2019) e "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME" (IDAE 2019) | 000543/2021 | 09-09-2021 11:45 |
| 2021/G003/000512 | APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ ADICIONAL 2017). EXPTE 2018/C003/000002 | 000544/2021 | 02-09-2021 20:39 |
| 2020/G003/000491 | Pago de 10% restante da subvención do ano 2018, concedidad polo Concello de Pontedeume a entidade Comisión de Festas de Nogueirosa | 000545/2021 | 13-09-2021 13:57 |
| 2021/G003/000600 | RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 543/2021 DE 09/09/2021 DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE "REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO" (POS + 2019) e "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME" (IDAE 2019) | 000546/2021 | 13-09-2021 13:57 |
| 2021/G003/000602 | BASES PROCESO BOLSA POSTO ARQUITECTO/A. | 000547/2021 | 13-09-2021 14:26 |
| 2021/G003/000601 | PERSOAL- CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL PEÓN, LIMPADOR/A, PERCEPTORAS RISGA 2021 | 000548/2021 | 15-09-2021 10:51 |
| 2021/G003/000606 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN DE HABITANTES NO MES DE XULLO DO 2021 | 000549/2021 | 15-09-2021 10:51 |
| 2021/G003/000603 | APROBACIÓN DO PROXECTO "REFORMA FOREMDES.POLICIA E PORTAL GARAXE" | 000550/2021 | 15-09-2021 14:32 |
| 2021/G003/000612 | PERSOAL- CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL PEÓN, LIMPADOR/A, PERCEPTORAS RISGA 2021 | 000551/2021 | 17-09-2021 13:12 |
| 2021/G003/000611 | PERSONAL-MODELO 111 IRPF AGOSTO 2021 | 000552/2021 | 17-09-2021 13:12 |
| 2021/G003/000605 | INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000023605 | 000553/2021 | 17-09-2021 13:12 |
| 2021/G003/000593 | XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA B DE DOTACIÓN DE COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS. ANO 2.021. | 000554/2021 | 17-09-2021 13:12 |
| 2021/G003/000604 | INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000023533 | 000555/2021 | 17-09-2021 13:12 |



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000610* | *Decreto xustificación  Subvención por concorrencia competitiva a entidade Club Balonmano Pontedeume 2020* | *000556/2021* | *17-09-2021 13:23* |
| *2021/G003/000624* | *RESOLUCIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANOS 2018 E 2019. ENTIDADE ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "MARIANO RUIZ" DE ANDRADE.* | *000557/2021* | *21-09-2021 15:12* |
| *2021/G003/000626* | *RESOLUCIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANOS 2018 E 2019, ENTIDADE ASOCIACIÓN RÍO EUME* | *000558/2021* | *21-09-2021 15:12* |
| *2021/G003/000623* | *RESOLUCIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANOS 2018 E 2019. ENTIDADE UNIDADE VECIÑAL OLMO* | *000559/2021* | *21-09-2021 15:12* |
| *2021/G003/000614* | *INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO 9BIS 99500000023086* | *000560/2021* | *21-09-2021 15:12* |
| *2021/G003/000613* | *INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO  AI 99500000023087* | *000561/2021* | *21-09-2021 15:12* |
| *2021/G003/000571* | *APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 4 DA OBRA -RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA ANDURIÑA. PAI-2016.* | *000562/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000615* | *INCOACCION  BAIXAS CADUCIDADE  ANO 2017 NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES* | *000563/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000617* | *INCOACCION  BAIXAS OFICIO ANO 2017 DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES* | *000564/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000607* | *RELACIÓN ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE AGOSTO 2021* | *000565/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000544* | *APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 3 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE-, POS+2019.* | *000566/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000608* | *RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.* | *000567/2021* | *22-09-2021 14:10* |
| *2021/G003/000632* | *Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión informativa de asuntos económicos e facenda de 27/09/2021* | *000568/2021* | *22-09-2021 14:36* |
| *2021/G003/000628* | *RESOLUCIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS ANOS 2018 E 2019, ENTIDADE  ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO EUME* | *000569/2021* | *22-09-2021 14:36* |
| *2021/G003/000619* | *APROBACIÓN ACTA-FALLO XURADO (SELECCIÓN OBRAS)  DO VII CERTEME DE TEATRO AFECIONADO PONTEDEUME EN OBRAS. (2021)* | *000570/2021* | *22-09-2021 14:36* |
| *2021/G003/000633* | *Sesión ordinaria da XGL de data 23-09-2021* | *000571/2021* | *22-09-2021 14:44* |




CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| *2021/G003/000635* | *Convocatoria da sesión ordinaria da Comisión informativa permanente de estudo, informe e consulta de asuntos xerais do Pleno do 27/09/2021* | *000572/2021* | *22-09-2021 15:04* |

Documento asinado dixitalmente polo, Sr. Alcalde- Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data sinalada na marxe"

As persoas membro da corporación **TOMAN RAZÓN.**

**9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día a Moción seguinte:

**MOCIÓN DO BNG SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa I**NCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

Toma a palabra o voceiro do BNG D. Luis Pena Mosquera, para dar lectura a moción presentada polo BNG, que se transcribe a continuación:

**Moción sobre o Anteproxecto de**

**Lei de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga**

Luís Pena Mosquera, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Pontedeume, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

**Exposición de motivos:**

1.- A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

**Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta** en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, ***e derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.***

2.- Desde a chegada de Feijoo á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

galegas. ***Non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010.*** Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumprido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos Concellos.

3.- Este Anteproxecto de Lei pretende **incrementar o recadado polo canon da auga** coa súa modificación establecendo unha nova cota e **sancionando polas perdas nas redes de abastecemento** ás entidades titulares. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento.

4.- O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos do canon de depuración pola auga da chuvia.

Con estes tres cambios fiscais: **canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga** sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego.

**5.-** O anteproxecto **invade competencias doutras administracións** ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes, como Pontedeume.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

**1.- Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.**

**2.- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión so ciclo da auga para a elaboración desta planificación.**

**3.- Instar á Xunta de Galiza a reclamar do Estado a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico na Galiza"**

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. José Simoes**, afirma que están de acordo co contido, sobre todo no punto catro, ademais este Concello está a premer a Augas de Galicia sobre este tema, non van asumir que suban o canon, sobre todo cando a propia Xunta, non coopera nin axuda. De seguido comenta, respecto o tema da cooperación, que casualmente mandáronlle unha invitación para acudir en Santiago ao Foro da Auga, que está totalmente pechado, son trinta



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

persoas, parécelle penoso que non inviten aos Alcaldes, e que non sexa máis grande. Votarían a favor do punto un e dous, no punto tres non votarían a favor. Propón a votación por bloques ou a retirada do punto tres.

**- Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández,** propón que o voto sexa favorable nos dous primeiros puntos, e a abstención ou retirada do punto terceiro.

**- Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez,** non sabe o que vai votar porque non ten a Lei, ao ser un anteproxecto, o que lle comentan é que o BNG en reunión da FEGAMP, non fixo ningunha aportación, non é verdade que sexa unha decisión unilateral da Xunta, porque é unha adhesión voluntaria, non obrigada. Por último afirma, que o máis importante, é o descoñecemento do contido deste anteproxecto, polo tanto non pode votar a favor.

**- Toma a palabra o Sra. Rocío Souto,** non van retirar o punto terceiro, prefiren votar por puntos, pois é importante para eles ter as maiores competencias posibles.

Concluídas as intervencións, sométese a votación os **puntos un e dous da Moción**, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG:  D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre; e **2 votos en contra** do Grupo Municipal do PP:  D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; os **ACORDOS** seguintes:

1.- Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2.- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión so ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

A continuación procédese a votación do **punto terceiro da Moción**, co seguinte resultado: **8 abstencións**  dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª Alejandra Bellón Tenreiro; **2 votos a favor** dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG:  D. Luis Pena Mosquera e Dª Rocío Souto Torre;  **2 votos en contra** do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González.

Reiterados os termos da votación ao longo do debate, non acadando máis votos afirmativos que negativos, **NON PROSPERA O PUNTO TERCEIRO** da Moción

**10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. ROGOS E PREGUNTAS.**

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal,  presenta para o Pleno do mes de setembro, os seguintes **ROGOS:**

1.- Rogamos fagan as xestións necesarias para arranxar o afundimento que hay en vizus a altura do parque.

2.- Rogamos se pinte novamente o carril bici no paseo marítimo.

3.- Rogamos se arranxen as losas do paseo marítimo a altura do parque infantil.

4.- Rogamos se corte a herba de todo o paseo marítimo.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5.- Rogamos pinten un cebreado que prohiba o estacionamento de vehículos no cruce de catro camiños na parroquia de Boebre para facilitar a entrada dos coches a os camiños e as súas casas.

6.- Rogamos arranxen o alcantarillado en ver nos din os veciños que verte para o rio.

7.-Rogamos fagan as xestions necesarias para acondicionar o aparcadoiro de debaixo da autopista xa que cando chove se converte nun barrizal e pode xerar que os coches queden atrapados, actualmente e moi utilizado polos usuarios do campo de futbol do Eume.

8.- Rogamos busquen solución a alta intensidade do alumeado do parque de Vizús , nos din os veciños que non poden durmir.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal, presenta para o Pleno do mes de setembro, os seguintes **ROGOS:**

1. Rogamos a retirada dos contedores de roupa "Humana" (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO,INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO, INCUMPRIDO FEBREIRO, INCUMPRIDO MARZO....)

2. Rogamos que nos envíen as actas da comisión COVID19 (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO, INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO.....)

3. Rogamos se instale un novo paso de peóns na Alameda (Paseo de Raxoi), á continuación das escaleiras que unen a Corredoiras das Virturdes co Paseo de Raxoi. Rogamos que este paso de peóns sexa do tipo "paso sobreelevado" (redutor trapezoidal)

4. Rogamos aumenten o número de elementos para reducir as velocidade nas rúas/camiños/estradas de Pontedeume. A maioría están escachadas e non cumpren coa súa misión.

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal, presenta para o Pleno do mes de setembro, as seguintes **PREGUNTAS:**

***Festas das peras:**

1.-A canto ascenden os gastos dos actos das festas das peras?

***Farolas en Andrade**

2.-A que se deben as marcas nas farolas no lugar dos Castros en Andrade? Teñen pensado retirar as farolas vellas na recente obra das aceras en Andrade?

***Terrazas**

3.-Cando teñen pensado actualizar a ordenanza de terrazas?

***Edificio casino**

4.-En novembro do 2019 preguntamos no pleno polo edificio do casino.

Responderon que se está á espera da taxación por parte do Ministerio e que se agarda que esteña proximamente.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Hoxe, dous anos despois preguntamos, Como están esas xestións do edificio do casino?

***Pregos piscina**

5.-En novembro do 2019 nos responden que se atopan en proceso de redacción, se ben indica que non deberían tardar moito, a día de hoxe nos preguntamos .

En que situación se atopan os pregos da xestión da piscina?

***Gardería Municipal**

Unha vez posta en funcionamento a gardería

6.-Quen se ocupa do mantemento das instalacións? E se non existe unha persoa destinada a este traballo, ¿Teñen pensado crear unha praza para este fin?

***Fonte**

7-En que situación se atopan os trámites para a instalación da fonte na rotonda da entrada do pobo?

***Saneamento en Boebre**

8.- Que solución se lle está a dar por parte do goberno local á problemática do saneamento en Boebre máis concretamente en Ver?

***Aparcadoiro cemiterio de Boebre**

9.- Cal é a situación da compra do terreo para o aparcadoiro do cemiterio de Boebre?

**Inversións.**

10.- Canto leva invertido o Concello por parroquias nos últimos 5 anos?

As **RESPOSTAS** entregas ás preguntas do Partido Popular foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo de goberno:

1. O pasado 30 de agosto foi presentada por parte da Comisión Festas das Peras unha memoria estimativa de gastos . Non habendo rematado todavía o prazo para a xustificación da subvención do Concello, non podemos determinar con exactitude a canto ascenden a totalidade deses gastos.

2.- Segundo a información trasladada pola empresa encargada do servizo de mantemento eléctrico municipal as marcas nas farolas no Lugar dos Castros ás que se refiren, foros realizadas por Fenosa para cambiar os postes, xa que estes son da súa propiedade. O Concello soamente é titular dos báculos.

Segundo nos trasladas da Deputación da Coruña as farolas vellas ás que se refiren serán retirandas nos vindeiros días.

3.- Sendo conscientes por parte deste Concello de que a actividade de hostalaría é unha parte esencial da actividade económica xa que é unha das máis importantes fontes de riqueza e xeración de emprego, lévase xa tempo traballando na procura de solucións e a búsqueda da maneira máis axeitada para poder distribuir o espazo peonil e público e que sexa compatible

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

así coa instalación de mesas, cadeiras e toldos por parte dos titulares dos diferentes establecementos de hostelería.

É por iso que contratouse un estudo sobre a situación das terrazas dos locais de hostalaría de Pontedeume e que foi utilizado para a elaboración do borrador dunha ordenanza de terrazas xa rematado. Debido a inxente cantidade de traballo por parte dos diferentes departamentos coñecida xa por vostedes, confiamos en rematar a súa tramitación unha vez estean tanto o técnico de administración xeral como o de contratación, prazas que foron convocadas recentemente.

Hai que ter en conta ademais que a crise da covid 19 ocasionou e supuxo un parón na tramitación deste expediente pola situación impredecible e variable que conlevou a posta en marcha de restricións e limitacións que afectaron ao sector, incluso totais no uso de terrazas e aforo. Limitacións que supuxeron un grave prexuizo para os hostaleiros e que se manteñen a día de hoxe polo que non se pode aprobar e aplicar unha norma deste tipo cun escenario tan cambiante.

4.- O 15 de xullo de 2019 foi enviado por parte do Concello solicitude de información ao Ministerio de Traballo e Economía Social sobre a posibilidade de compra do edificio no que o Ministerio é propietario da primeira planta e a Xunta de Galicia propietaria da planta baixa.

O 16 de xuño de 2020 contactouse de novo co Ministerio interesándose pola situación da solicitude presentada, sendo informados que nunha primeira tasación realizada polo Ministerio non fora aceptada pola Xunta de Galicia, transcribindo literalmente que: "A Comunidade Autónoma non acepta a valoración realizada polo Ministerio da planta baixa do inmoble, da súa titularidade, por cuantía de 57.111, 75 € e solicita que se teña en conta a valoración de 132.468,07 € realizada polo Servizo de Investigación Patrimonial e obras da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia".

Finalmente, o 15 de outubro de 2020 recibiuse a tasación final que reflictía o incremento realizado pola Xunta de Galicia polo que o prezo de adquisión solicitado é de 212.634, 33 €.

Debido a que esta cantidade é considerada desproporcionada por parte do Concello a por mor da valoración imposta pola Xunta, solicitouse a realización dunha tasación externa e independente que se levou a cabo coa presenza de representantes tanto do Ministerio como da Xunta de Galicia. O informe desta tasación externa foi recibido nas pasadas semanas e o seu importe é de 105.577,29 €

Debido a esta diferencia de importes o Concello presentará unha contraoferta ás dúas entidades co obxectivo de adquirir o mencioando edificio.

5.- En xaneiro de 2020 trasladousenos por parte do equipo redactor a necesidade de elaborar un plan económico de viabilidade da instalación, así como unha auditoría técnica e construtiva da mesma. Eses traballos iniciáronse no mes de febreiro, quedando paralizados temporalmente a causa do estado de alarma e a suspensión dos trámites administrativos.

Unha vez reiniciado o proceso retomouse a auditoría que foi realizada polos mesmos técnicos e arquitectos que elaboraron o proxecto da pisicina municipal nos anos 90 por seren estes os que mellor coñecían a instalación.

O resultado desa auditoría foi remitida ao Concello no mes de febreiro de 2021 e a cuantificación das eivas e necesidades da mesma foron entregadas a mediados deste verán.

Unha vez rexistradas se lles remitiu ao equipo redactor de cara a incorporar parte deses datos no estudo económico de viabilidade. Temos concertada unha cita a vindeira semana para amosarnos este documento.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.- En primeiro lugar, a actual Lei Xeral de Orzamentos do Estado, impide a convocatoria de ofertas de emprego con novas prazas. No caso de que se puidera convocar por tasa de reposición, para poder ofertal habería que modificar a RPT e incluíla, posto que non existe no documento actual.

Así mesmo, estamos a falar dunha instalación totalmente nova, que durante os primeiros anos de funcionamento o mantemento vai a ser moi inferior ao dun edificio antigo. Ata o de agora, o mantemento de todas as instalación municipais se realiza ou ben co persoal municipal ou ben para traballos específicos a través da contratación de empresas especializadas do sector.

No caso de aqueles inmobles que se xestionan por parte de empresas a través dunha concesión pública o mantemento desa instalación será a cargo da empresa concesionaria tal como se fará constar nos pregos.

7.- Remitíndose á pregunta presentada por vostedes no pleno do pasado mes de febreiro, en ningún momento se confirmou que a fonte fora a ser instalada na rotonda. Poden vostedes consultar a mencioanda resposta.

Actualmente estamos a elaborar un listado coas posibles ubicacións, dentro daqueles propostas que cumpran coa normativa vixente. Tan pronto se tome unha decisión ao respecto seralle trasladada.

8.- A verdade que sorprende a pregunta e máis vindo do seu grupo. Tendo en conta que tanto nos medios de comunicación, como en redes sociais, como no Diario Oficial de Galicia ou nos propios orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2021 faise referencia ao proxecto de renovación da rede de saneamento e construción dun bombeo na praia de Ver, do que actualmente estase a tramitar a disponibilidade dos terreos para poñer a disposición de Augas de Galicia.

9.- Actualmente por parte do departamento de Urbanismo estase a elaborar o informe sobre o resultado da tasación da finca. Así como da necesidade da construción desa infraestrutura na mesma de cara ao peche do expediente de compra e a súa posterior culminación.

10.- Para poder responder a esta pregunta deberán vostedes concretar os ámbitos de aplicación; se se están vostedes referindo a investimento en obras, a todos os investimentos das distintas áreas como pode ser Cultura, Servizos Sociais, etc…,a todos os gastos que se realizan nas distintas parroquias que incluirían os gastos de mantemento de alumeado público, reparación de camiños tras temporais, etc…ou ben a proxectos xa aprobados e con consiganción económica, pendente de executar.

En todo caso, xa lles adiantamos que os últimos cinco anos foi un dos periodos onde máis investimento houbo en parroquias na historia do noso municipio.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal, presenta para o Pleno do mes de setembro, as seguintes **PREGUNTAS:**

1. PATRIMONIO PONTEDEUME: SAN NICOLAS. PINTADA CONVENTO SAN AGUSTÍN. Teñen constancia dende setembro do 2020 da rotura da cabeza da estatua, e dende o 17 de abril deste ano da pintada. ¿ fixeron ata o día de hoxe ? ¿cales son as datas previstas para as actuacións pertinentes para repoñer este patrimonio danado ?

2. DATOS BREAMO FRAGAS EUME. A Consellería de Educación, coa aquiescencia deste goberno, anunciou un serie de obras para que o IES Breamo puidera acoller todo o alumnado

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(150 alumn@s) que debía trasladarse dende o IES Fregas do Eume no inicio deste curso. A concellería de Educación ten constancia das obras realizadas para este fin e do seu importe ?

| OBRA | | |
|---|---|---|
| Concepto | Importe | Prazo Fin |
| | | |
| | | |

3. PISTA DE PÁDEL. O ruído da pista de pádel trae importante molestias para as vivendas contiguas ¿ que medidas tomou o concello para paliar estas molestias ? ¿ que roturas se produciron no acristalamento e cal foi o seu coste ?

4. TERRAZAS. É imprescindible ter unha ordenanza actualizada, que dote de seguridade e estabilidade normativa en igualdade de condicións a toda a hostalaría para a instalación das súas terrazas. Esta ordenanza deberá garantir: 1) o acceso do servizos básicos como ambulancias, policía, bombeiros... 2) priorizar o paso dos peóns, 3) regularizar oo deseño/estilo dos elementos instalados conforme á súa localización; establecendo obrigas de maior protección para os establecementos instalados dentro do casco histórico e 4) axudar a aumentar o valor engadido do tecido empresarial. En que data pretenden poñer en marcha estas ordenanza ??

5. ÁREA REXURBE. As áreas **REXURBE** son unha figura legal (creada ao amparo da Lei de Rehabilitación e Rexeneracións Urbnas de Galicia, Lei 1/2019)) coa que a Xunta de Galicia traballa na recuperación dos cascos históricos de vilas e cidades galegas. A través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), adquírense inmobles en estao de abandono ou semiabandono para proceder á súa rehabilitación. Isto xa se está levando a cabo en concellos como Betanzos, Tui, Mondoñedo, Rivadavia, Ferrol, Lugo ou Ourense. ¿ Que medidas levou a acabo este goberno para adherirse a esta figura ? Cal foi o resultado das xestións ?

6. TURBIDEZ RÍO EUME. O río Eume volve a baixar turbio. Cal son os datos medidos pola empresa que ten a concesión municipal do abastecemento nas análises diarias respecto da turbidez diaria no río Eume entre o 4 de setembro ao 24 e setembro ? ¿cal é o valor medio deste parámetro en condicións normais, fora dos episodios graves de turbidez ?

7. EDIFICIO DO PICHO. Cal é o estado contractual da compra desta finca ? Cal é o coste económico previsto ? En que data se formalizará o contrato ?

8. POTABILIZADORA. Cal foron os costes reais das obras realizadas na potabilizadora de Pontedeume dende a catástrofe medioambiental do ano pasado ata o día de hoxe ?

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena,** pregunta se houbo algunha modificación na data de finalización da obra do abastecemento, saneamento do peirao, responde o Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández, que por parte de Augas de Galicia non teñen ningunha comunicación ao respecto. Tamén pregunta, por que se fixo unha actuación no local de Andrade, pois ata agora as actuacións facíanse no IES Breamo, responde a Sra. Ángela Piñeiro, que tal como estaba estipulado nas bases, as catro actuacións íanse a celebrar no CPR San José, pero o salón de actos quedou inutilizado por obras, tivéronse que buscar polo tanto outras alternativas.



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

As **RESPOSTAS** entregas ás preguntas do Bloque Nacionalista Galego foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo de goberno:

1.-Remitímolos á publicación realizada esta mesma semana por parte do Concello. Poden consultala nos medios de comunicación ou redes sociais.

2.- A Concellería de Educación ten constancia destas obras das que foi informada por parte da Delegación Territorial, pero sobre os datos referidos aos importes, etc deberán vostedes consultalos a través do seu grupo parlamentario á propia Consellería de Educación ou ben dirixirse á dirección do centro. En todo caso, compre aclarar que non existe na nosa vila ningún “IES Fregas do Eume”. Ese centro ao que vostedes se refiren chámase “FPI Fraga do Eume”.

3.- Estivemos en contacto con dúas persoas con vivenda contigua á pista de padel respecto ao tema comentado. Trasladóusenos que comprendían a actividade deportiva que estase a practicar e ca mesma o ruido xerado. En todo caso, comprometémonos a indagar con algunha empresa especializada ou coa propia federación, se existe algún tipo de elemento que poida mitigar ese son.

Dito isto é importante lembrar que en todas as instalacións deportivas nas que se practica algunha disciplina ocorre o mesmo. Coma no propio pavillón que está xunto ao carón desta pista pódese escoitar, por exemplo, música cando está adestrando o clube de ximnasia rítmica, ou os botes dos balóns cando adestran os equipos de baloncesto.

As roturas do acristalamento foron producidas por lances do xogo na primeira ocasión e durante traballos de desbroce e acondicionamento das zonas perimetrais exteriores no caso da segunda rotura.

En todo caso, trátase de sucesos relativamente habituais en calquer tipo de instalación destas características. O coste das reparacións ascendeu a 2500 €.

4.- Sendo conscientes por parte deste Concello de que a actividade de hostalaría é unha parte esencial da actividade económica xa que é unha das máis importantes fontes de riqueza e xeración de emprego, lévase xa tempo traballando na procura de solucións e a búsqueda da maneira máis axeitada para poder distribuir o espazo peonil e público e que sexa compatible así coa instalación de mesas, cadeiras e toldos por parte dos titulares dos diferentes establecementos de hostelería.

É por iso que contratouse un estudo sobre a situación das terrazas dos locais de hostalaría de Pontedeume e que foi utilizado para a elaboración do borrador dunha ordenanza de terrazas xa rematado. Debido a inxente cantidade de traballo por parte dos diferentes departamentos coñecida xa por vostedes, confiamos en rematar a súa tramitación unha vez estean tanto o técnico de administración xeral como o de contratación, prazas que foron convocadas recentemente.

Hai que ter en conta ademais que a crise da covid 19 ocasionou e supuxo un parón na tramitación deste expediente pola situación impredecible e variable que conlevou a posta en marcha de restricións e limitacións que afectaron ao sector, incluso totais no uso de terrazas e aforo. Limitacións que supuxeron un grave prexuizo para os hostaleiros e que se manteñen a día de hoxe polo que non se pode aprobar e aplicar unha norma deste tipo cun escenario tan cambiante.

5.- Actualmente continuamos á espera de que se nos conceda a cita solicitada no mes de outubro do ano pasado cos responsables deste programa. Hai mes e medio reiteramos novamente esa petición. Dito isto, por parte do Goberno Local elaborouse un documento coas posibles de actuacións



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.- Neste momento, e desde as obras de adaptación da pranta, o abastecemento desde o Eume dispón de instrumentación e automatización controlada que mide en continuo (cada 15 minutos) a turbidez no punto de captación e comunica coa ETAP para activar o tratamento Físico-Químico en caso de ser necesario necesario.

Amosamos de maneira gráfica a variación de turbidez entre o 1 e 16 de setembro e entregamos documento anexo coas medicións realizadas entre o 16 e 30 de setembro.







O valor de turbidez media durante todo o verán foi sempre por debaixo de 1NTU. Desde o 7 de setembro subeu lixeiramente entre 1 e 2 NTU e os días 17 e 18 de setembro superou lixeiramente as 2 NTU, polo que en todo momento situouse por debaixo dos valores máximos establecidos como límite na rede de distribución, que están en 5 NTU.

Dito isto, cabe lembrar que os Concellos non teñen competencias sobre o control de calidade de auga do río Eume. Como sabemos todas as competencias de control e en cumprimento do plan hidrolóxico son de Augas de Galicia. En calquer caso, e ante calquer variación da calidade



CVD: aLA1mL21srg0xvHhWoIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

detectada non nos quedamos cos brazos cruzados e cando se advirte, o Concello de Pontedeume detecta, advirte, investiga e actúa en coordinación con Augas de Galicia.

7.- Actualmente por parte do departamento de Urbanismo estase a elaborar o informe sobre o resultado da tasación da finca. Un paso previo de cara á finalización do expediente de compra e a súa elevación a pleno. Unha vez estea éste culmiando poderán coñecer vostedes eses datos.

8.- A partida habilitada por Augas de Galicia para tal fin foi de 1,5 millóns de euros. Unha vez contratados os traballos, coas conseguintes baixas aplicadas polas distintas empresas aos prezos de proxecto o investimento total asumido pola Consellería e Viaqua foi de 1.039.667,7€.

**REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 28/10/2021, segundo o borrador asinado o día 25/10/2021. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

CVD: aLA1mL21srg0xvHhWOIt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.